

**Departamento de Xeografía e Historia  
I.E.S. Pino Manso  
O Porriño.**



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**Educación Secundaria Obrigatoria**  
**Bacharelato.**

**Curso: 2016 – 2017.**

## ÍNDICE

### **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. 4.**

### **2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO. 6.**

### **3. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ASIGNADAS AO DEPARTAMENTO. 7.**

### **4. PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DA ESO. 8.**

#### **4.1. Obxectivos xerais de secundaria.**

#### **4.2. Programación de Xeografía e Historia de 1º ciclos de ESO (1º / 2º / 3º Curso), 4º de ESO.**

4.2.1. Introducción.

4.2.2. Contribución da Xeografía e Historia ao logro das competencias clave na ESO

4.2.3. Concrecións metodolóxicas.

4.2.4. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

4.2.5. Contidos curriculares.

4.2.6. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias claves dos criterios de avaliación. .

4.2.7. Materiais e recursos para Xeografía e Historia.

4.2.8. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

#### **4.3. Medidas de atención á diversidade e inclusión na ESO.**

4.3.1. Observacións sobre as medidas de atención á diversidade e inclusión.

4.3.2. Participación de membros do departamento en programas singulares de medidas de atención á diversidade...

#### **4.4. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes da ESO.**

4.4.1. Plan de traballo para superar as Ciencias Sociais/Xeografía e Historia das materias pendentes do 1º ciclo da ESO.

#### **4.5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente na Xeografía e Historia da ESO.**

### **5. A PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DE BACHARELATO. 108**

#### **5.1. Obxectivos xerais.**

#### **5.2. Os materiais e recursos didácticos para as materias de bacharelato.**

#### **5.3. Programación didáctica de Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato.**

5.3.1. Introducción.

5.3.2. Contribución da Historia do mundo contemporáneo ao logro das competencias claves.

5.3.3. Grao mínimo de consecución para superar a materia de Historia do mundo contemporáneo de 1º BAC

5.3.4. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias clave, dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e os obxectivos e contidos curriculares da Historia do Mundo Contemporáneo de 1º BAC.

5.3.5. Concreción metodolóxicas.

5.3.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado..

5.4.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

#### **5.4. Programación didáctica de Xeografía de España. 1º Bacharelato.**

5.4.1. Introducción.

5.4.2. Contribución da Xeografía de España de 2º de Bach. ao logro das competencias claves.

5.4.3. Grao mínimo de consecución para superar a materia de Historia da Arte de 2º BAC.

5.4.4. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias clave, dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e os obxectivos e contidos curriculares da Xeografía de España de 2º BAC.

5.4.5. Concreción metodolóxicas.

5.4.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

5.4.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

#### **5.5. Programación didáctica de Historia de España 1º Bacharelato.**

5.4.1. Introducción.

5.5.2 Contribución de Historia de España de 2º de Bach. ao logro das competencias claves.

5.5.3. Grao mínimo de consecución para superar a materia de Historia de España de 2º BAC

5.5.4. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias clave, dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e os obxectivos e contidos curriculares de Historia de España de 2º BAC.

5.5.5. Concreción metodolóxicas.

5.5.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

5.5.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

#### **5.6. Programación didáctica de Historia da Arte. 1º Bacharelato.**

5.6.1. Introducción.

5.6.2 Contribución de Historia da Arte de 2º de Bach. ao logro das competencias claves.

5.6.3. Grao mínimo de consecución para superar a materia de Historia de España de 2º BAC

5.6.4. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias clave, dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e os obxectivos e contidos curriculares de Historia da Arte de 2º BAC.

5.6.5. Concreción metodolóxicas.

5.6.6. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

5.6.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

#### **6. A CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS. 318.**

#### **7. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR. 319.**

#### **8. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TICs. 320.**

#### **9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. 322**

#### **10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA . 322**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O IES Pino Manso atópase situado no espazo urbano da vila do Porriño, que ten un contexto socioeconómico moi determinado por atoparse nunha encrucillada de vías de comunicacións, ter unha estrutura demográfica con forte tendencia ao envellecemento e pola existencia de dous polígonos industriais, que aportan unha preponderancia da actividade do sector servizos e unha forte relevancia do industrial. Este contexto socioeconómico está a sufrir o forte impacto da actual crise económica, que se reflicte en crecente peche de empresas e de incremento da taxa de desemprego.

Para a comunicación da comunidade escolar:

Dirección: Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño, Tel. 886 110392, Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es),

Páxina web. <http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>

As ensinanzas que oferta este centro e a súa organización son as recollidas na seguinte táboa:

ENSINANZAS E NIVEIS	LIÑAS / MODALIDADES
1º ciclo da ESO, 1º curso	Tres liñas + Agrupamento Específico (AE).
1º ciclo da ESO, 2º curso	Tres liñas+ Agrupamento Específico (AE) +Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR 1).
1º ciclo da ESO, 3º curso	Tres liñas + Agrupamento Específico (AE).
2º ciclo da ESO, 4º curso	Tres liñas + Agrupamento Específico (AE).
1º BACHERELATO	Dúas modalidades: Ciencias – Ciencias Sociais e Humanidades.
2º BACHERELATO	Dúas modalidades: Ciencias e tecnoloxía – Ciencias Sociais e Humanidades
FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA 1	Informática de oficina.
FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA 2	Informática de oficina.

O IES Pino Manso ten como centros adscritos: CEIP Plurilingüe de Atios, CEIP Xosé Fernández López e CPR Plurilingüe Hermanos Quiroga Rodríguez. A distribución por niveis dos 477 alumnos matriculados no centro atópanse recollida na seguinte táboa:

NIVEIS	NÚMERO TOTAL	NIVEIS	NÚMERO TOTAL
1º ESO	71	2º BACHARELATO- M. Ciencias	34
2º ESO	84	2º BACHARELATO- M. Ciencias Sociais e Humanidades	34
3º ESO	57	Sumatorio: 2º bacharelato	68
4º ESO	90	Sumatorio: bacharelato	148

Sumatorio: 1º e 2º ciclos da ESO	302	F.P. Básica 1	16
1º BACHARELATO- M. Ciencias	43	F.P. Básica 2	11
1º BACHARELATO- M. Ciencias Sociais e Humanidades	37	Sumatorio F.P. Básica	27
Sumatorio: 1º BACHARELATO	80		

As singularidades deste centro son:

- A procedencia do alumnado da ESO, na case totalidade, limitada á zona urbana da vila do Porriño e ás parroquias de Atios e Cans.
- O uso do transporte escolar polo alumnado das parroquias de Cans e Atios.
- A procedencia do alumnado do bacharelato ampliada a outras parroquias do termo municipal e aos concellos veciños, en especial Mos e Salceda de Caselas.
- O emprego de libro dixital en 1º Ciclo da ESO, 1º e 2º curso..
- O proxecto ABALAR.
- A Aprendizaxe Cooperativa e por Proxectos.
- O Programa de Mellora da aprendizaxe e do Rendemento.
- O Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- O FONDO SOCIAL EUROPEO (“ O FSE inviste no teu futuro”)
- A alta porcentaxe de alumnado de procedencia foránea: Marrocos, Arxentina, Venezuela, Uruguai, Brasil, Romanía, etc. Este alumnado necesita apoio para integrarse educativa e socialmente na comunidade escolar; en especial, o procedente dos países do leste de Europa e Marrocos, polo descoñecemento das linguas galega e castelá.

Tendo en conta as particularidades do contexto do centro e as circunstancias sociais, culturais, económicas do noso alumnado, fíxanse uns obxectivos xerais:

- Propiciar unha convivencia tolerante, respectuosa, democrática e participativa entre todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar un clima de cálida acollida ao alumnado de nova incorporación, en especial ao inmigrante, co fin de facilitarlle a rápida integración no centro e na vida social exterior.
- Progresar no uso da lingua galega, como un ben cultural propio da nosa comunidade.
- Acrecentar o desenvolvemento da personalidade e capacidades individuais do alumnado.
- Potenciar o traballo en grupo, a colaboración entre o alumnado e a aprendizaxe cooperativa.
- Fomentar hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade do alumnado.
- Incrementar o uso de novas tecnoloxías da información e comunicación que lle permitan ao alumnado progresar autonomamente e ir construído o seu coñecemento.
- Desenvolver as capacidades creativas e espírito crítico.
- Establecer programas de corrección e prevención de dificultades, a partir do estudio dos resultados educativos e das probas de diagnóstico.
- Potenciar a comprensión das Normas de Convivencia, como documento que permite mellorar a vida cotiá no centro en todos os seus aspectos.
- Fomentar o respecto e igualdade de dereitos e deberes entre alumnas e alumnos.

- Adoptar medidas formativas, xustas e equitativas, na corrección de faltas de comportamento.
- Fomentar a participación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar accións e hábitos de hixiene persoal e limpeza do centro como valor da educación medioambiental e do respecto do traballo alleo, en especial dos servizos de limpeza.

Unhas medidas de Atención a Diversidade:

- A exención de francés: 3 alumnos/as en 1º ESO e 21 alumnos/as en 2º ESO.
- Os agrupamentos Específicos: 12 alumnos/as en 1º ES. 14 alumnos/as en 2º ESO. 6 alumnos/as en 3º ESO. 11 alumnos/as en 4º ESO.
- O reforzo educativo na aula.
- A presenza simultánea de mais dun profesor na mesma aula.
- O desdoblamento de grupos en idiomas: Inglés e Francés.
- O Programa de Mellora do aprendizaxe e rendemento (PMAR) en 2º ESO: 8 alumnos.
- As intervencións individuais e de aula por parte da profesora terapeuta (PT) do centro.
- O reforzo ao alumnado con materias pendentes.

Un Plan de Acción Titorial (PAT): baixo a coordinación do Departamento de Orientación.

Unhas actividades didácticas Complementarias e Extraescolares: propostas polos Departamentos pedagóxicos e aprobadas polo Consello Escolar ( a desenvolver, preferentemente na “Semana de Actividades”).

## 2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Os profesores que están integrados no Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia son:

Álvarez Cebrián, Xavier. (PES. Interino- substituto).
Bangueses Vázquez, Mª de las Mercedes (PES. Definitivo. Xefa de Estudos).
Iglesias Veiga, Xosé Mª Ramón (PES. Definitivo).
Ucha Fernández, Aníbal (PES. En practicas).
Vaqueiro Carballido, José (PES. Definitivo. Xefe de Departamento).

As reunións ordinarias do Departamento serán o último xoves de cada mes, ás 11,35. En canto as posibles reunións extraordinarias, o día e a hora serán consensuados en función da urxencia e complexidade dos temas a analizar/debater e da dispoñibilidade horaria dos seus membros.

### 3. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ASIGNADAS AO DEPARTAMENTO

As materias asignadas a este Departamento e a relación de niveis / grupos e número de alumnos quedan reflectidas na seguinte táboa:

Materias	Ensino	Nivel	Grupo	Nº alumnos	Materias	Ensino	Nivel	Grupo	Nº alumnos
Xeografía e Historia	ESO	1º	A	18	Xeografía e Historia	ESO	4º	A	27
			B	22				B	26
			C	19				C	26
			AE	12				AE	11
		2º	A	21	Historia do Mundo Contemporáneo	BACHARELATO	1º	C	37
			B	19	Xeografía	BACHARELATO	2º	B-C	15
			C	22	Historia de España	BACHARELATO	2º	A	19
				D (PMAR)			8	B	24
				AE			14	C	17
		3º	A	12	Historia del Arte	BACHARELATO		B	18
			B	19				C	9
			C	20					
			AE	7					

A distribución das materias asignadas, entre os membros deste departamento, é a recollida na seguinte táboa:

MEMBROS	MATERIAS	NIVEIS E GRUPOS	HORAS
Álvarez Cebrián, Xavier. ( PES, interino)	Ciencias Sociais	1º ESO: B e C	6
	Xeografía e Historia	3ºESO: AE	3
	Xeografía	4º ESO: C	3
	Titoría de alumnos	1 ESO: C	1

Bangueses Vázquez, M <sup>a</sup> de las Mercedes. (PES, con destino definitivo no Centro).	Historia da Arte	2º BAC: B e C.	8
	Xefatura de Estudos	-	9
Iglesias Veiga, Xosé M <sup>a</sup> Ramón. (PES, con destino definitivo no Centro).	Xeografía e Historia	1ºESO: A e AE	6
	Xeografía e Historia	2ºESO:A, B , C e AE	12
	Titoría de alumnos	2 ESO: C	1
Ucha Fernández, Aníbal (PES, en Practicas).	Xeografía	2º BAC: B-C	4
	Xeografía e Historia	4ºESO: A,B e AE	9
	Xeografía e Historia	3º ESO:B e C	6
	Titoría de alumnos	4º B	1
Vaqueiro Carballido, José. (PES, con destino definitivo no Centro. Xefe de Departamento).	Historia de España	2ºBAC: A, B e C.	9
	H. do M. Contemporáneo	1ºBAC: B-C.	4
	Xeografía e historia	3º ESO: A	3
	Xefe de Departamento	-	3





## 4. Programación das materias da ESO

### 4.1. OBXECTIVOS XERAIS DE SECUNDARIA

O ensino das ciencias sociais, xeografía e historia, na Educación Secundaria Obrigatoria, contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que impliquen discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a practica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade.

## **4.2. PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 1º CICLO DE ESO (1º / 2º / 3º CURSO) 4º DE ESO.**

### **4.2.1.INTRODUCCIÓN.**

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade. A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización. A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tense en especial consideración dous factores: por unha banda procúrase unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, inténtase secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade formará parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Terase en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

#### **4.2.2.CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA E HISTORIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO.**

A través da materia Xeografía e Historia desenvólense competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO. Polo que centraremos a atención, en relación a:

1. Competencias Sociais e cívicas (CSC): En fomentar a colaboración, traballo en equipo e respecto as opinións alleas. Comprender as transformacións realizadas polos seres humanos. Valorar as achegas culturais do pasado.
2. Conciencia e expresións culturais (CCEC): En desenvolver a sensibilidade cara á expresión artística. Coñecer e valorar as achegas estéticas da Prehistoria e Idade Antiga. Fomentar actitudes de respecto e protección do patrimonio artístico. Adquirir destrezas para a observación comprensiva das obras de arte. Valorar a arquitectura e outras artes como fontes de coñecemento do pasado.
3. Comunicación lingüística (CCL): En favorecer a lectura comprensiva de textos históricos e xeográficos. Producir textos coherentes e correctos. Comentar oralmente e por escrito climogramas, gráficas, mapas, imaxes, vídeos, etc.. Definir conceptos. Explicar oralmente cuestións coa axuda do encerado dixital. Discriminar enunciados verdadeiros e falsos. Comparar informacións sobre unha mesma cuestión. Redactar informes.
4. Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): En construír táboas. Elaborar climogramas. Calcular distancias con escalas numéricas e gráficas. Realizar cálculos con dimensións relacionadas coa xeografía. Resolver problemas con fusos horarios. Seleccionar datos dun gráfico. Resolver problemas relacionados coas temperaturas. Elaborar eixes cronolóxicos. Orientarse con planos. Localizar puntos coas coordenadas xeográficas. Comprender as relacións entre clima e tipos de vexetación e cultivos. Razoar sobre a contaminación e deterioro ambiental. Localizar no espazo e no tempo feitos históricos. Analizar o medio xeográfico en relación coa aparición das civilizacións fluviais, en especial a Exipcia.
5. Competencia dixital (CD): En procurar e interpretar información recollida de páxinas web de aspectos xeográficos e históricos. Obter información da cartografía, ilustracións, imaxes, táboas, gráficas, etc. Coñecer as iconas e símbolos empregados na cartografía. Establecer criterios de selección da información. Distinguir os aspectos relevantes dunha información. Comparar informacións sobre unha mesma cuestión.

6. Aprender a aprender (CAA): En espertar o gusto polo aprendizaxe continuo. Debater e contrastar opinións. Coñecer e valorar diversas fontes de información. Desenvolver hábitos de organizar a información recollida. Empregar recursos como esquemas, liñas do tempo, mapas conceptuais, resúmenes, etc.
7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): En planificar estratexias adecuadas para resolver actividades e situacións da vida. Valorar as consecuencias das accións a realizar. Argumentar con propiedade e coherencia os puntos de vista propios. Acostumarse autoavaliarse.

#### 4.2.3. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O tratamento metodolóxico da materia axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Como traballar de xeito competencial na aula supón que o docente pasa a ser orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, na área de Ciencias Sociais / Xeografía e Historia:

Por un lado o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os aspectos máis relevantes da xeografía física e humana e os grandes feitos históricos, das súas vantaxes e das implicacións éticas. Para posibilitarmos necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual. Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades, que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Nesta materia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Os membros do Departamento que imparten esta materia optamos por un modelo de aprendizaxe significativo ou aprendizaxe por descubrimento, centrado en tres principios básicos: "aprender a aprender", busca da autonomía e o conflito cognitivo. Empregaremos unha metodoloxía activa, que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que estea a realizar, utilizando procedementos variados que dotan á clase de dinamismo e axilidade. Como consideramos que o alumnado debe ser protagonista destacado no proceso de ensino-aprendizaxe, fomentaremos as actividades interactivas e procuraremos abandonar métodos pedagóxicos de carácter dirixista, orientados á fixación de verdades academicamente incuestionábeis e as actitudes individualistas competitivas.

Esta proposta metodolóxica terá como premisas clave: O coñecemento integral dos alumnos. A comunicación fluída profesor/alumnos. A integración do alumno no grupo e na sociedade. A transmisión rigorosa da información. O estímulo da curiosidade e do interese. A responsabilidade e o rigor. O espírito crítico e a independencia intelectual. A participación activa na elección, planeamento e execución das actividades. A aposta polo ensino participativo/cooperativo. O respecto a multiculturalidade e a atención a diversidade. O emprego das Tics. A máxima integración da xeografía, a historia e a arte. O fomento da interdisciplinaridade. O autocontrol.

A finalidade última será que os/as alumnos/as sexan progresivamente capaces de aprender de xeito autónomo/cooperativo. O punto de partida do proceso de aprendizaxe será sempre o nivel de desenvolvemento do alumnado, desde o que se van emprender os novos aprendizaxes. No proceso de aprendizaxe daremos prioridade ao emprego das Tics, tanto a través de presentacións de Power Point como de acceso a páxinas Web; á comprensión dos contidos, fronte ao seu aprendizaxe mecánico; á reflexión persoal, sobre o traballo realizado, e a elaboración de conclusións, relativas aos temas tratados.

Para desenvolver esta opción metodolóxica, faremos uso de diversas variantes estratéxicas, como o recurso a: presentar fenómenos discrepantes, suscitar conflitos conceptuais, solicitar estudos monográficos, propoñer análises/comentarios, reclamar observacións/valoracións críticas da información, esixir tratamento rigoroso da información, organizar debates entre alumnos ou introducir aprendizaxe cooperativo. Manteremos unha adecuada e continuada coordinación entre os docentes que impartan esta materia.

#### 4.2.4.. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

##### 1º Ciclo da ESO. 1º curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CLICLO ESO. 1º CURSO
1. Interpretar cun mínimo de rigor como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
2. Analizar cun mínimo de precisión un mapa de fusos horarios e diferenza zonas do planeta de similares horas.
3. Clasificar e distinguir cun mínimo de certeza proxeccións, e comparar cun mínimo de aspectos relevantes unha de Mercator cunha de Peters.
4. Clasificar cun mínimo de orden tipos de imaxes de satélite e mapas.
5. Localizar cun mínimo de precisión un punto xeográfico nun planisferio e distinguir cun mínimo de certeza os hemisferios da Terra e as súas principais características. .
6. Localizar cun mínimo de precisión espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
7. Situar cun mínimo de exactitude nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
8. Localizar cun mínimo de precisión nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas mais relevantes: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais..
9. Elaborar cun mínimo de rigor climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
10. Explicar cun mínimo de claridade as características xerais mais relevantes do relevo europeo.
11. Localizar cun mínimo de precisión no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
12. Clasificar e localizar nun mapa, cun mínimo de orde/precisión, os tipos de clima de Europa.
13. Distinguir e localizar nun mapa, cun mínimo de exactitude, as zonas bioclimáticas do noso continente.
14. Localizar nun mapa e en imaxes de satélite de Europa, cun mínimo de precisión, os principais espazos naturais.
15. Realizar procuras, cun mínimo de cantidade, en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localizar, cun mínimo de correlación, páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

16. Recoñecer cun mínimo de certeza os cambios evolutivos mais relevantes ata chegar á especie humana.
17. Nomear e identificar cun mínimo de precisión dúas das catro clases de fontes históricas.
18. Comprender cun mínimo de certeza que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais..
19 Ordenar temp., cun mínimo de exactitude, algúns feitos históricos e outros salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade
20 Realizar cun mínimo de precisión diversos tipo de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
21 Analizar cun mínimo de profundidade a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
22 Explicar cun míni. rigor a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describir con claridade as caract. básicas da vida en cada un dos períodos..
23 Recoñecer cun mínimo de correlación as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
24 Distinguir cun mínimo de precisión as etapas dentro da historia antiga.
25 Describir cun mínimo de amplitude as formas de organización socioeconómica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto
26 Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos .
27 Diferenciar cun mínimo de precisión entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
28 Interpretar cun mínimo de rigor un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
29 Describir cun mínimo de correlación as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto: raíñas e faraóns..
30 Explicar cun mínimo de rigor como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
31 Realizar cun mínimo de claridade un mapa conceptual dos principais deuses do panteón exipcio
32 Localizar nun mapa , cun mínimo de exactitude, os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
33 Identificar cun mínimo de rigor os trazos básicos da organización socio-política e económica das polis gregas..
34 Identificar cun mínimo de certeza as diferenzas mais relevantes entre a democracia grega e a actual
35 Localizar nun mapa , cun mínimo de precisión, algunhas colonias gregas do Mediterráneo.
36 Contrastar cun mínimo de claridade as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.

37	Elaborar cun mínimo de correlación un mapa do imperio de Alexandre.
38	Comparar cun mínimo de profundidade dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.
39	Explicar cun mínimo de rigor as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
40	Dar exemplos representativos das áreas do saber grego, cun mín. de exten., e discutir cun mín. de coherencia por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
41	Confeccionar, cun mínimo de exactitude, un mapa coas distintas etapas da expansión de Roma.
42	Identificar cun mínimo de precisión as diferenzas e semellanzas básicas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
43	Comparar cun mínimo de coherencia obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
44	Facer cun mínimo de exactitude un mapa da Península Ibérica onde se reflicte a división provincial básica na época romana.
45	Analizar cun mínimo de rigor os exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.
46	Entender cun mínimo de precisión o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

### 1º Ciclo de ESO. 2º Curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO ESO. 2º CURSO.	
1.	Localizar espazos xeográficos e lugares mais relevantes nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2.	Enumerar e describir as principais peculiaridades do medio físico español e galego.
3.	Situar nun mapa físico as unidades do relevo español fundamentais.
4.	Describir cun mínimo de rigor as mais destacables unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
5.	Situar cun mínimo de precisión nun mapa físico as unidades do relevo galego fundamentais.
6.	Describir cun mínimo de rigor as unidades fundamentais de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
7.	Localizar cun leve marxe de desviación nun mapa os mais destacables conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
8.	Analizar e comparar cun mínimo de rigor as principais zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.

9. Localizar cun leve marxe de desviación nun mapa os principais espazos bioclimáticos de Galicia.
10. Distinguir cun mínimo de precisión e localizar cun leve marxe de desviación nun mapa as paisaxes mais relevantes de España e de Galicia.
11. Realizar cun mínimo de rigor procuras sinxelas en medios impresos e dixitais referidas aos mais graves problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localizar páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
12. Localizar no mapa mundial os continentes e, cun leve marxe de desviación, as principais áreas máis densamente poboadas.
13. Explicar cun mínimo de precisión o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
14. Explicar cun mínimo de precisión as características mais relevantes da poboación europea.
15. Comparar cun mínimo de rigor, entre países, a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.
16. Explicar cun mínimo de precisión os aspectos mais relevantes da pirámide de poboación actual de España e das súas comunidades autónomas.
17. Analizar cun mínimo de rigor en distintos medios os aspectos mais significativos dos movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.
18. Coñecer cun mínimo de exactitude as claves do proceso da emigración galega, as súas grandes etapas e os destinos principais.
19. Realizar cun mínimo de rigor un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
20. Situar cun mínimo de precisión no mapa do mundo as dez cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica de xeito sinxelo a súa posición económica.
21. Resumir cun mínimo de rigor elementos mais relevantes que diferencien o urbano e o rural en Europa.
22. Distinguir os principais tipos de cidades do noso continente.
23. Interpretar cun mínimo de rigor textos que expliquen as principais características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.
24. Situar cun mínimo de precisión os principais parques naturais españois nun mapa, e explicar a singular situación actual dalgúns deles.
25. Elaborar, cun mínimo de densidade de datos, gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica básica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
26. Clasificar cun mínimo de rigor as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.
27. Comparar cun mínimo de coherencia paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.



28. Identificar cun mínimo de precisión elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
29. Nomear cun mínimo de rigor e identificar mínimo de precisión catro clases de fontes históricas.
30. Comprender cun mínimo de asimilación que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
31. Ordenar cun mín. de exactitude temp.algúns feitos históricos e outros salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
32. Realizar cun mínimo de rigor diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
33. Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
34. Utilizar cun mínimo de rigor o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
35. Utilizar cun mínimo de rigor as fontes históricas e entender os límites do que se pode escribir sobre o pasado.
36. Comparar cun mínimo de coherencia as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.
37. Caracterizar cun mínimo de rigor a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
38. Comprender cun mínimo de certeza as orixes do Islam e o seu alcance posterior.
39. Explicar cun mínimo de rigor a importancia de Al-Andalus na Idade Media.
40. Interpretar cun mínimo de precisión mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.
41. Explicar cun mínimo de rigor a importancia do Camiño de Santiago.
42. Comprender cun mínimo de certeza o impacto mais relevante dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.

### 1º Ciclo de ESO. 3º Curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CLICLO ESO. 3º CURSO.
1. Clasificar e distinguir cun mínimo de /precisión tipos de mapas e imaxes satélite.
2. Localizar cun mínimo de precisión espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
3. Coñecer e interpretar cun mínimo de rigor os tipos mapas temáticos.

4. Distinguir cun mínimo de exactitude nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
5. Comparar de xeito sinxelo a poboación activa de cada sector en diversos países e analizar cun mínimo de rigor o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
6. Diferenciar cun mínimo de claridade os diversos sectores económicos europeos.
7. Diferenciar cun mínimo de exactitude aspectos concretos dun sistema económico.
8. Describir o desenvolvemento sustentable e describir conceptos clave relacionados con el, cun mínimo de rigor.
9. Situar cun mínimo de precisión no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
10. Localizar e identificar cun mínimo de exactitude nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo..
11. Localizar e identificar cun mínimo de exactitude nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
12. Identificar e nomear cun mínimo de certeza algunhas enerxías alternativas.
13. Procurar información cun mínimo de rigor sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
14. Localizar cun mínimo de precisión nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
15. Trazar cun mínimo de precisión sobre un mapamundi o itinerario que sigue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extraer conclusións cun mínimo de certeza.
16. Definir cun mínimo de rigor os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
17. Describir cun mínimo de claridade características do comercio internacional na actualidade.
18. Enumerar cun mínimo de certeza as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen..
19. Identificar cun mínimo de exactitude os tipos de turismo e os seus efectos.
20. Valorar cun mínimo de criterio a importancia do turismo na economía española.
21. Comparar cun mínimo de rigor as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
22. Crear cun mínimo de rigor mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinalar cun mínimo de precisión os organismos que agrupan as zonas comerciais.
23. Describir cun mínimo de fluidez o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.

24. Realizar cun mínimo de coherencia un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
25. Sinalar cun mínimo de exactitude áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónalas cun mínimo de certeza con factores económicos.
26. Identificar cun mínimo de claridade elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
27. Nomear e identificar cun mínimo de certeza catro clases de fontes históricas.
28. Comprender cun mínimo de certeza que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
29. Ordenar temporalmente cun mínimo de precisión algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
30. Realizar cun mínimo de criterio diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
31. Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
32. Utilizar cun mínimo de precisión/rigor contextual o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
33. Distinguir cun mínimo de claridade modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
34. Identificar cun mínimo de rigor contextual trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
35. Coñecer cun mínimo de correlación obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
36. Analizar cun mínimo de rigor obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
37. Distinguir cun mínimo de claridade as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
38. Comprender cun mínimo de rigor contextual os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
39. Explicar cun mínimo de fluidez as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
40. Coñecer cun mínimo de certeza os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
41. Sopesar cun mínimo de criterio interpretacións conflitivas sobre a colonización de América.
42. Analizar cun mínimo de rigor as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".

**4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria**

<b>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º DE ESO.</b>	
1.	Establecer cun mínimo de certeza, a través da análise de textos, a diferenza fundamental entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.
2.	Distinguir cun mínimo de rigor conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
3.	Describir cun mínimo de precisión as características mais relevantes da cultura da Ilustración e as implicacións principais que ten nalgúñas monarquías.
4.	Apreciar cun mínimo de claridade os avances científicos mais destacables e a súa aplicación á vida diaria, e contextualizar o papel dos científicos na súa propia época.
5.	Comprender cun mínimo de certeza algunhas das implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.
6.	Sopesar cun mínimo de correlación as principais razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
7.	Recoñecer cun mínimo de claridade, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor fundamental destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
8.	Redactar cun mínimo de rigor unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais básicas, e sinala os proles e os contras mais relevantes.
9.	Redactar cun mínimo de rigor unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XVIII, acudindo a explicacións causais básicas, e sinala os proles e os contras mais relevantes..
10.	Discutir cun mínimo de coherencia as implicacións mais destacables da violencia empregando diversos tipos de fontes.
11.	Analizar cun mínimo de precisión os proles e os contras principais da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
12.	Analizar e comparar cun mínimo de rigor os trazos básicos da industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
13.	Comparar cun mínimo de certeza as características básicas do proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
14.	Explicar cun mínimo de rigor a esencia da situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
15.	Especificar cun mínimo de correlación algunhas repercusións políticas fundamentais como consecuencia dos principais cambios económicos en España.
16.	Elaborar cun mínimo de orde un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
17.	Explicar cun mínimo de rigor razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

18. Elaborar cun mínimo de coherencia discusións sobre eurocentrismo e a globalización.
19. Saber recoñecer cun mínimo de precisión cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
20. Diferenciar cun mínimo de rigor os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
21. Analizar de xeito sinxelo o novo mapa político de Europa.
22. Describir cun mínimo de precisión a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.
23. Contrastar cun mínimo de claridade algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
24. Comentar analiticamente cun mínimo de rigor cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
25. Comparar de xeito sinxelo movementos artísticos europeos e asiáticos.
26. Analizar cun mínimo de rigor interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.
27. Relacionar cun mínimo de correlación algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.
- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos para este curso, teremos en conta a seguinte relación:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR BÁSICA:** os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte do alumnado.
- **AMPLIACIÓN:** fichas para fotocopiar con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS:** dirixidos aos alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).

- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, ás súas habilidades e/ou motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde cos seus intereses e/ou habilidades.
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN:** traballos que permiten o afondamento nunha temática concreta.
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE:** permiten espertar o interese do alumnado por ampliar o seu coñecemento, aínda que facéndoo ao seu propio ritmo. A aproximación a diversos temas mediante curiosidades e feitos sorprendentes promove que os alumnos poidan continuar o traballo máis aló da aula e de maneira totalmente adaptada ás súas necesidades e/ou habilidades.

#### **4.3.2. A PARTICIPACIÓN DE MEMBROS DO DEPARTAMENTO EN PROGRAMAS SINGULARES DE MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: A ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA XEOGRAFÍA E HISTORIA AO AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS DA ESO.**

Como entre as medidas de atención á diversidade que o noso centro puxo en funcionamento está o establecemento dos agrupamentos específicos en 1º Ciclo da ESO, curso 1º, 2º, e 3º / 4º da ESO, para a área de Xeografía e Historia, e, nos agrupamentos participa alumnado que accede ao mesmo por atraso académico xeneralizado, carencias importantes na expresión oral ou escrita e na comprensión lectora ou severas dificultades para alcanzar os graos mínimos de consecución deste nivel/do nivel académico precedente no pasado curso, e que manifesta dificultades xeneralizadas para a adquisición das competencias clave.

Como a atención a este alumnado obriga a suscitar unha formulación específica da programación adaptada ás súas necesidades que, aínda que mantén os estándares e os graos mínimos de consecución para superar a materia, dos programados para os grupos de referencia dos que proveñen os alumnos, o profesor/a asignado aplicará:

- Unha adaptación metodolóxica que terá como eixes centrais a creación dun ambiente que propicie que os alumnos poidan mostrar as súas potencialidades, dentro da aula, xerando neles unha maior confianza nas súas posibilidades e un contexto de aprendizaxe cooperativo, que potencie o esforzo que desenvolve cada un de forma individual.
- Un redeseño das actividades de: iniciación, motivación, desenvolvemento, finalización, reforzo e recuperación e profundización.
- Unha atención intensa e continuada sobre: a capacidade lecto-escritora, os preconceptos e os conceptos básicos.
- Unha adaptación continuada e personalizada dos materiais en relación con:
  - nivel de desenvolvemento conceptual dos alumnos.
  - As dificultades de aprendizaxe específicas que manifesten ao longo do curso.
  - As motivacións e intereses particulares que van confirmándose.

Unha avaliación continua que cumpra simultaneamente as funcións de regular o proceso e de medir o nivel alcanzado polos alumnos, que será cualificado:

- Valorando o traballo persoal realizado polo alumno: participación nas actividades de aula, realización de tarefas propostas para casa, execución e corrección das actividades do caderno de clase, elaboración de informes, esquemas, resumos, etc.
- Descartando a cualificación negativa das ideas expresadas sen rigor/precisión (para evitar risco de desalentar), que deben ser corrixidas de forma respectuosa e ser utilizadas polo profesor, como fonte de información para súa tarefa de xestión e selección das actividades de aprendizaxe. Sopesando as dificultades que implica a adquisición de certos conceptos e destrezas, e o grado de cambio conceptual que implican en función do nivel inicial de partida do alumnado.

A profesora/profesor asignado terá en conta en todo momento que o obxectivo final destes alumnos será alcanzar un grado de desenvolvemento aceptable dos graos mínimos de consecución para superar a materia, de acordo co establecido na concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados programados, que lle permitan a súa reintegración ao grupo

de referencia, e poder proseguir os estudos posteriores nunhas condicións razoables que lle posibiliten optar a alcanzar os obxectivos xerais de etapa correspondentes á ESO e o título de graduado en ESO.

Avaliarase e revisarase pois a eficacia da metodoloxía empregada e da secuencia de actividades proposta, a adecuación dos contidos tratados de acordo coa súa dificultade, importancia e extensión, a temporalización asignada a cada un deles, as dificultades xurdidas no proceso e a persistencia de concepcións incorrectas tralo proceso de aprendizaxe, tamén o nivel alcanzado por cada alumno tanto na adquisición de conceptos como no dominio das competencias básicas, valorando a súa participación e esforzo, e o seu grado de progreso.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

### 1º Ciclo de ESO. 1º Curso:

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CLICLO ESO. 1º CURSO
1. Interpretar cun mínimo de rigor como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
2. Analizar cun mínimo de precisión un mapa de fusos horarios e diferenza zonas do planeta de similares horas.
3. Clasificar e distinguir cun mínimo de certeza proxeccións, e comparar cun mínimo de aspectos relevantes unha de Mercator cunha de Peters.
4. Clasificar cun mínimo de orden tipos de imaxes de satélite e mapas.
5. Localizar cun mínimo de precisión un punto xeográfico nun planisferio e distinguir cun mínimo de certeza os hemisferios da Terra e as súas principais características.
6-. Localizar cun mínimo de precisión espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
7. Situar cun mínimo de exactitude nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
8. Localizar cun mínimo de precisión nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas mais relevantes: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais..
9. Elaborar cun mínimo de rigor climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
10. Explicar cun mínimo de claridade as características xerais mais relevantes do relevo europeo.
11. Localizar cun mínimo de precisión no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
12. Clasificar e localizar nun mapa, cun mínimo de orde/precisión, os tipos de clima de Europa.
13. Distinguir e localizar nun mapa, cun mínimo de exactitude, as zonas bioclimáticas do noso continente.
14.. Localizar nun mapa e en imaxes de satélite de Europa, cun mínimo de precisión, os principais espazos naturais.

15. Realizar procuras, cun mínimo de cantidade, en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localizar, cun mínimo de correlación, páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
16. Recoñecer cun mínimo de certeza os cambios evolutivos mais relevantes ata chegar á especie humana.
17. Nomear e identificar cun mínimo de precisión dúas das catro clases de fontes históricas.
18. Comprender cun mínimo de certeza que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estes restos materiais ou textuais..
19. Ordenar temporalmente, cun mínimo de exactitude, algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
20. Realizar cun mínimo de precisión diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
21. Analizar cun mínimo de profundidade a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
22. Explicar cun mínimo de rigor a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describir con claridade as características básicas da vida en cada un dos períodos..
23. Recoñecer cun mínimo de correlación as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
24. Distinguir cun mínimo de precisión as etapas dentro da historia antiga.
25. Describir cun mínimo de amplitude as formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto
26. Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos .
27. Diferenciar cun mínimo de precisión entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
28. Interpretar cun mínimo de rigor un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
29. Describir cun mínimo de correlación as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto: raíñas e faraóns..
30. Explicar cun mínimo de rigor como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
31. Realizar cun mínimo de claridade un mapa conceptual dos principais deuses do panteón exipcio
32. Localizar nun mapa , cun mínimo de exactitude, os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
33. Identificar cun mínimo de rigor os trazos básicos da organización socio-política e económica das polis gregas..
34. Identificar cun mínimo de certeza as diferenzas mais relevantes entre a democracia grega e a actual
35. Localizar nun mapa , cun mínimo de precisión, algunhas colonias gregas do Mediterráneo.



36. Contrastar cun mínimo de claridade as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.
37. Elaborar cun mínimo de correlación un mapa do imperio de Alexandre.
38. Comparar cun mínimo de profundidade dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.
39. Explicar cun mínimo de rigor as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
40. Dar exemplos representativos das áreas do saber grego, cun mínimo de extensión, e discutir cun mínimo de coherencia por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
41. Confeccionar, cun mínimo de exactitude, un mapa coas distintas etapas da expansión de Roma.
42. Identificar cun mínimo de precisión as diferenzas e semellanzas básicas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
43. Comparar cun mínimo de coherencia obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
44. Facer cun mínimo de exactitude un mapa da Península Ibérica onde se reflicte a división provincial básica na época romana.
45. Analizar cun mínimo de rigor os exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.
46. Entender cun mínimo de precisión o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

### 1º Ciclo de ESO. 2º Curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CLICLO ESO. 2º CURSO.
1. Localizar espazos xeográficos e lugares mais relevantes nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2. Enumerar e describir as principais peculiaridades do medio físico español e galego.
3. Situar nun mapa físico as unidades do relevo español fundamentais.
4. Describir cun mínimo de rigor as mais destacables unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
5. Situar cun mínimo de precisión nun mapa físico as unidades do relevo galego fundamentais.
6. Describir cun mínimo de rigor as unidades fundamentais de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
7. Localizar cun leve marxe de desviación nun mapa os mais destacables conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.

8. Analizar e comparar cun mínimo de rigor as principais zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.
9. Localizar cun leve marxe de desviación nun mapa os principais espazos bioclimáticos de Galicia.
10. Distinguir cun mínimo de precisión e localizar cun leve marxe de desviación nun mapa as paisaxes mais relevantes de España e de Galicia.
11. Realizar cun mínimo de rigor procuras sinxelas en medios impresos e dixitais referidas aos mais graves problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localizar páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
12. Localizar no mapa mundial os continentes e, cun leve marxe de desviación, as principais áreas máis densamente poboadas.
13. Explicar cun mínimo de precisión o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
14. Explicar cun mínimo de precisión as características mais relevantes da poboación europea.
15. Comparar cun mínimo de rigor, entre países, a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.
16. Explicar cun mínimo de precisión os aspectos mais relevantes da pirámide de poboación actual de España e das súas comunidades autónomas.
17. Analizar cun mínimo de rigor en distintos medios os aspectos mais significativos dos movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.
18. Coñecer cun mínimo de exactitude as claves do proceso da emigración galega, as súas grandes etapas e os destinos principais.
19. Realizar cun mínimo de rigor un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
20. Situar cun mínimo de precisión no mapa do mundo as dez cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica de xeito sinxelo a súa posición económica.
21. Resumir cun mínimo de rigor elementos mais relevantes que diferencien o urbano e o rural en Europa.
22. Distinguir os principais tipos de cidades do noso continente.
23. Interpretar cun mínimo de rigor textos que expliquen as principais características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.
24. Situar cun mínimo de precisión os principais parques naturais españois nun mapa, e explicar a singular situación actual dalgúns deles.
25. Elaborar, cun mínimo de densidade de datos, gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica básica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
26. Clasificar cun mínimo de rigor as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.

27.Comparar cun mínimo de coherencia paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.
28.Identificar cun mínimo de precisión elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
29.Nomear cun mínimo de rigor e identificar mínimo de precisión catro clases de fontes históricas.
30.Comprender cun mínimo de asimilación que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.
31.Ordenar cun mínimo de exactitude temporalmente algúns feitos históricos e outros salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
32.Realizar cun mínimo de rigor diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
33.Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
34.Utilizar cun mínimo de rigor o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
35.Utilizar cun mínimo de rigor as fontes históricas e entender os límites do que se pode escribir sobre o pasado.
36.Comparar cun mínimo de coherencia as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.
37.Caracterizar cun mínimo de rigor a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
38.Comprender cun mínimo de certeza as orixes do Islam e o seu alcance posterior.
39.Explicar cun mínimo de rigor a importancia de Al-Andalus na Idade Media.
40.Interpretar cun mínimo de precisión mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.
41.Explicar cun mínimo de rigor a importancia do Camiño de Santiago.
42.Comprender cun mínimo de certeza o impacto mais relevante dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.

**1º Ciclo de ESO. 3º Curso:**

<b>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CLICLO ESO. 3º CURSO.</b>
1. Clasificar e distinguir cun mínimo de /precisión tipos de mapas e imaxes satélite.

2.Localizar cun mínimo de precisión espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
3. Coñecer e interpretar cun mínimo de rigor os tipos mapas temáticos.
4. Distinguir cun mínimo de exactitude nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
5. Comparar de xeito sinxelo a poboación activa de cada sector en diversos países e analizar cun mínimo de rigor o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
6.Diferenciar cun mínimo de claridade os diversos sectores económicos europeos.
7.Diferenciar cun mínimo de exactitude aspectos concretos dun sistema económico.
8.Describir o desenvolvemento sustentable e describir conceptos clave relacionados con el, cun mínimo de rigor.
9.Situar cun mínimo de precisión no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
10.Localizar e identificar cun mínimo de exactitude nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo..
11. . Localizar e identificar cun mínimo de exactitude nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
12. Identificar e nomear cun mínimo de certeza algunhas enerxías alternativas.
13.Procurar información cun mínimo de rigor sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
14. Localizar cun mínimo de precisión nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
15.Trazar cun mínimo de precisión sobre un mapamundi o itinerario que sigue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extraer conclusións cun mínimo de certeza.
16.Definir cun mínimo de rigor os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
17.Describir cun mínimo de claridade características do comercio internacional na actualidade.
18. Enumerar cun mínimo de certeza as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen..
19.Identificar cun mínimo de exactitude os tipos de turismo e os seus efectos.
20.Valorar cun mínimo de criterio a importancia do turismo na economía española.
21.Comparar cun mínimo de rigor as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
22.Crear cun mínimo de rigor mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinalar cun mínimo de precisión os

organismos que agrupan as zonas comerciais.
23. Describir cun mínimo de fluidez o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.
24. Realizar cun mínimo de coherencia un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
25. Sinalar cun mínimo de exactitude áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónalas cun mínimo de certeza con factores económicos.
26. Identificar cun mínimo de claridade elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
27. Nomear e identificar cun mínimo de certeza catro clases de fontes históricas.
28. Comprender cun mínimo de certeza que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
29. Ordenar temporalmente cun mínimo de precisión algúns feitos históricos e outros salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
30. Realizar cun mínimo de criterio diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
31. Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
32. Utilizar cun mínimo de precisión/rigor contextual o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
33. Distinguir cun mínimo de claridade modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
34. Identificar cun mínimo de rigor contextual trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
35. Coñecer cun mínimo de correlación obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
36. Analizar cun mínimo de rigor obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
37. Distinguir cun mínimo de claridade as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
38. Comprender cun mínimo de rigor contextual os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
39. Explicar cun mínimo de fluidez as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
40. Coñecer cun mínimo de certeza os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
41. Sopesar cun mínimo de criterio interpretacións conflitivas sobre a colonización de América.
42. Analizar cun mínimo de rigor as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".

**4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria.****GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º DE ESO.**

1. Establecer cun mínimo de certeza, a través da análise de textos, a diferenza fundamental entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.
2. Distinguir cun mínimo de rigor conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
3. Describir cun mínimo de precisión as características mais relevantes da cultura da Ilustración e as implicacións principais que ten nalgunhas monarquías.
4. Apreciar cun mínimo de claridade os avances científicos mais destacables e a súa aplicación á vida diaria, e contextualizar o papel dos científicos na súa propia época.
5. Comprender cun mínimo de certeza algunhas das implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.
6. Sopesar cun mínimo de correlación as principais razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
7. Recoñecer cun mínimo de claridade, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor fundamental destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
8. Redactar cun mínimo de rigor unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais básicas, e sinala os proles e os contras mais relevantes.
9. Redactar cun mínimo de rigor unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XVIII, acudindo a explicacións causais básicas, e sinala os proles e os contras mais relevantes..
10. Discutir cun mínimo de coherencia as implicacións mais destacables da violencia empregando diversos tipos de fontes.
11. Analizar cun mínimo de precisión os proles e os contras principais da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
12. Analizar e comparar cun mínimo de rigor os trazos básicos da industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
13. Comparar cun mínimo de certeza as características básicas do proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
14. Explicar cun mínimo de rigor a esencia da situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
15. Especificar cun mínimo de correlación algunhas repercusións políticas fundamentais como consecuencia dos principais cambios económicos en España.
16. Elaborar cun mínimo de orde un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
17. Explicar cun míni. de rigor razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas rel. econ. transnacionais.

18. Elaborar cun mínimo de coherencia discusións sobre eurocentrismo e a globalización.
19. Saber recoñecer cun mínimo de precisión cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
20. Diferenciar cun mínimo de rigor os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
21. Analizar de xeito sinxelo o novo mapa político de Europa.
22. Describir cun mínimo de precisión a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.
23. Contrastar cun mínimo de claridade algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
24. Comentar analiticamente cun mínimo de rigor cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
25. Comparar de xeito sinxelo movementos artísticos europeos e asiáticos.
26. Analizar cun mínimo de rigor interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.
27. Relacionar cun mín. correlación algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.
28. Discutir cun mínimo de coherencia as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
29. Explicar cun mínimo de rigor diversos factores fundamentais que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
30. Explicar cun mínimo de claridade as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.
31. Explicar de xeito sinxelo as principais causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
32. Recoñecer cun mínimo de precisión a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).
33. Situar cun mínimo de precisión nun mapa as fases do conflito.
34. Dar unha interpretación cun mínimo de certeza de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
35. Elaborar unha narrativa explicativa cun mínimo de rigor das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
36. Recoñecer cun mínimo de profundidade a significación mais relevante do Holocausto na historia mundial.
37. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explicar cun mínimo de rigor algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
38. Describir cun mínimo de extensión as consecuencias fundamentais da guerra de Vietnam.

39. Describir cun mínimo de precisión os feitos mais relevantes do proceso descolonizador.
40. Distinguir cun mínimo de claridade entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).
41. Explicar de xeito sinxelo os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.
42. Recoñecer cun mínimo de correlación os cambios sociais mais destacados derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.
43. Comparar cun mínimo de rigor a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.
44. Coñecer cun mínimo de precisión a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco
45. Discutir cun mínimo de coherencia como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.
46. Interpretar cun mínimo de rigor o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época
47. Comprender cun mínimo de claridade os proles e contras do estado do benestar.
48. Analizar de xeito sinxelo os aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.
49. Comparar cun mínimo de rigor interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.
50. Establecer cun mínimo de certeza, a través da análise de textos, a diferenza fundamental entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.
51. Distinguir cun mínimo de rigor conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
52. Describir cun mínimo de precisión as características mais relevantes da cultura da Ilustración e as implicacións principais que ten nalgunhas monarquías.
53. Apreciar cun mínimo de claridade os avances científicos mais destacables e a súa aplicación á vida diaria, e contextualizar o papel dos científicos na súa propia época.
54. Comprender cun mínimo de certeza algunhas das implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.
55. Sopesar cun mínimo de correlación as principais razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
56. Recoñecer cun mínimo de claridade, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor fundamental destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
57. Redactar cun mínimo de rigor unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais básicas, e sinala os proles e os contras mais relevantes.
58. Redactar cun mínimo de rigor unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XVIII, acudindo a explicacións



causais básicas, e sinala os proles e os contras mais relevantes..
59. Discutir cun mínimo de coherencia as implicacións mais destacables da violencia empregando diversos tipos de fontes.
60. Analizar cun mínimo de precisión os proles e os contras principais da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
61. Analizar e comparar cun mín. de rigor os trazos básicos da ind. de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
62. Comparar cun mínimo de certeza as características básicas do proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
63. Explicar cun mínimo de rigor a esencia da situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

A concreción de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e a súa relación coas competencias clave, ponderación, instrumentos de avaliación e elementos transversais será a mesma que a do grupo de referencia. A estrutura das probas e os criterios de ponderación e redondeo das cualificacións serán os mesmos que os aplicados aos grupos de referencia.

#### **4.4. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DA ESO.**

##### **4.4.1. PLAN DE TRABAJO PARA SUPERAR AS CIENCIAS SOCIAIS / XEOGRAFÍA E HISTORIA PENDENTES DO 1º CICLO DA ESO.**

##### **4.4.1.1. REXIME DE ATENCIÓN AOS ALUMNOS/AS, CALENDARIO DE PROBAS E CRITERIOS SOBRE PONDERACIÓN E REDONDEO DAS CUALIFICACIÓN.**

Para atender a aqueles alumnos/as, que teñan promocionado tendo pendentes as Ciencias Sociais de 2º de ESO/ Xeografía e historia de 1º Ciclo de ESO. 1º e 3º curso pendentes, o xefe de departamento:

Convocará a estes alumnos/as para informarlles das datas das probas, parciais e final, dos contidos esixibles e dos traballos a elaborar e presentar ao longo do curso.

Elaborará e realizará:

- Unha proposta de traballos a entregar en data indicada, que ponderarán un 20%.
- Dúas probas escritas parciais: 1ª proba (en xaneiro de 2017) e 2ª proba (en abril de 2017), que ponderarán o 80% da cualificación.
- As dúas probas parciais responderán ao seguinte criterio de estrutura e cualificación: definir/comprender (1 punto), relacionar/comparar/diferenzar (4 puntos), describir/explicar/clasificar/localizar / identificar/situar/ordenar (3 puntos) e analizar/comentar documentos (2 puntos).
- Unha proba final ordinaria (30 de maio ao 3 de xuño de 2016), para aqueles alumnos que non lograsen superar unha ou as dúas probas parciais, que versará sobre cuestións relacionadas cos mínimos esixibles/grao mínimo de consecución para superar a materia programados da parte ou partes non superadas, na que terá que lograr a cualificación máxima de 5 puntos para superar a avaliación.

- Unha proba extraordinaria (setembro 2016), para os alumnos que non superaron a proba final ordinaria, que versará sobre cuestións relacionadas cos mínimos esixibles programados, na que terá que lograr a cualificación máxima de 5 puntos para superar a avaliación.
- A proba final ordinaria de xuño e a extraordinaria de setembro responderán ao seguinte criterio de estrutura e cualificación: definir/comprender (1 punto), relacionar/comparar/diferenzar (4 puntos), describir/explicar/clasificar/localizar / identificar/situar/ordenar (3 puntos) e analizar/comentar documentos (2 puntos).

Coordinará, cos profesores que lles impartan Xeografía e Historia nos cursos de referencia, o seguimento e control do traballo de cada alumno.

Manterá un réxime continuado de atención aos alumnos, nun 2º recreo, coordinado cos restantes xefes de departamento, segundo dispoña a Xefatura de Estudos.

#### 4.4.1.2. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E DOS TRABALLOS A ELABORAR E ENTREGAR:

##### Temporalización de XEOGRAFÍA E HISTORIA pendente de 1º Ciclo de ESO.1º Curso:

<b>1ª PROBA PARCIAL : ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.</b>
XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferenza zonas do planeta de similares horas.
XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha de Mercator cunha de Peters.
XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.

XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.
B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
<b>2ª PROBA PARCIAL : ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.</b>
XHB2.1.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
XHB2.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
XHB2.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.
XHB2.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
XHB2.4.1. Realiza diversos tipos de eixos cronolóxicos.
XHB2.5.1. Analiza a trascendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
XHB2.6.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un dos períodos.
XHB2.7.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
XHB2.8.1. Distingue etapas dentro de la Historia Antiga.
XHB2.9.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto
XHB2.10.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
XHB2.11.1. Diferenza entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
XHB2.12.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
XHB2.12.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto: raíñas e faraóns.
XHB2.13.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
XHB2.13.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.

XHB2.14.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
XHB2.15.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de diferentes tipos fontes históricas.
XHB2.16.1. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.
XHB2.16.2. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo..
XHB2.17.1. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.
XHB2.17.2. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.
XHB2.18.1. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre las conquistas de Alexandre.
XHB2.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
XHB2.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
XHB2.20.1. Confecciona un mapa coas distintas etapas da expansión de Roma.
XHB2.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
XHB2.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
XHB2.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.
XHB2.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.
XHB2.23.1. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

## TEMPORALIZACIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS PENDENTE DE 2º ESO (LOE)..

- 1ª PROBA PARCIAL: UNIDADES DIDÁCTICAS.
- U.D. 1.- Bizancio e o imperio carolinxio.
- U.D .2.- A orixe e expansión do islam.
- U.D.3.- A Europa feudal entre os séculos IX-XI.
- U.D. 4.- A península Ibérica: o predominio do islam (VIII-XI).
- U.D. 5.- A Europa feudal entre os séculos XII-XV.
- U.D. 6.- A península Ibérica: o predominio cristiá (XI-XV).
- Traballo a elaborar e entregar: Monográficos sobre o Islam, a arte románica e a cidade/ arte gótica.

2ª PROBA PARCIAL: UNIDADES DIDÁCTICAS.

- U.D. 12. O nacemento e esplendor do estado moderno. o renacemento.
- U.D. 13. Os inicios da idade moderna na península ibérica.
- U.D. 14. O século XVII en Europa e península Ibérica. O barroco.
- UD 1. A poboación mundial.
- UD 2. A poboación de España e Galicia.
- UD 3. Un mundo de cidades.
- UD 4. As cidades de España e Galicia.
- UD.5. As sociedades actuais.

Traballo a elaborar e entregar: Monográficos sobre renacemento/barroco e fenómenos migratorios. Mapas coa distribución planetaria, española e galega das grandes cidades.

**TEMPORALIZACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA PENDENTE DE 1º CLICO DE ESO.3º CURSO (LOMCE):**

<b>1ª PROBA PARCIAL: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.</b>
XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.
XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos
XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
XHB2.3.1. Diferenza os sectores económicos europeos.
XHB2.4.1. Diferenza aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.

XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
XHB2.9.1. Traza nun mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.
XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.
XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.
XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos.
XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.
XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.
XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.
<b>2ª PROBA PARCIAL: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.</b>
XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".

#### 4.5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE NA XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ESO.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación do desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada estándar/conxunto de estándares propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

1. Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente.	Escala.			
	1	2	3	4
PROCESO DE ENSINO:				
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				

3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

PRÁCTICA DOCENTE:	1	2	3	4
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				



10. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14. Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16. Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

**RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO.**

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

**RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO**

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
--	-------------	------------	----------------------

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos/as.		
	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Formula actividades en grupo e individuais.		

### 3. RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE..	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos alumnos/as.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		

	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.		



## 5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE BACHARELATO .

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO,  
XEOGRAFÍA, HISTORIA E HISTORIA DA ARTE

### 5. A PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DE BACHARELATO.

#### 5.1. OBXECTIVOS XERAIS

Segundo o artigo 3º do Decreto 126/2008 O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5.2. OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS PARA AS MATERIAS DE BACHARELATO

Material elaborado or membros do departamento.	Material de elaboración externa:	Libros de texto de referencia:
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntamentos.</li> <li>• Presentacións dixitais.</li> <li>• Folletos- Guía para as saídas didácticas.</li> <li>• Monografías.</li> </ul> <p>Aula virtual con curso propio de Historia da Arte</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dicionarios de termos históricos, xeográficos e artísticos.</li> <li>• Atlas e recompilacións de mapas.</li> <li>• Mapas conceptuais.</li> <li>• Mapas murais.</li> <li>• Libros dixitais.</li> <li>• Fotos e representacións en 3D.</li> <li>• DVDs. Con documentais de temática histórica, xeográfica e artística.</li> <li>• Vídeo e documentais. Internet: youtube.</li> <li>• Ordenador con acceso a Internet.</li> <li>• Canón de vídeo.</li> <li>• Enderezos de páxinas web en Internet.</li> <li>• Webquest na rede.</li> <li>• Diapositivas.</li> <li>• Materiais de ITE e doutros portais educativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Historia do Mundo Contemporáneo. SANTILLANA (solicitado).</li> <li>• Xeografía. ANAYA. (Solicitado)</li> <li>• Historia de España. VICENS VIVES. (Recomendado)</li> <li>• Historia da Arte. BAÍA. (Recomendado).</li> </ul>



### 5.3.PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

#### HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

#### 1º BACHARELATO

### 5.1.INTRODUCCIÓN.

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia. A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliábeles preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual. Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

### 5.3.2. CONTRIBUCIÓN DA HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

### 5.3.3. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO DE 1º BAC

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO DE 1º BAC.
1. Extraer tres/os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.
2. Obter información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.
3. Clasificar os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
4. Elaborar un mapa conceptual que explica os trazos característicos do Antigo Réxime.
5. Explicar as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía.
6. Analizar a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVIII.
7. Describir tres características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.
8. Distinguir as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime
9. Enumerar as ideas da Ilustración.
10. Establecer as semellanzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX

11. Situar nun mapa de Europa estados en conflito.
12. . Distinguir obras de arte do Rococó.
13. Identificar tres causas da primeira Revolución Industrial.
14. Explicar a evolución cara á segunda Revolución Industrial.
15. Analizar comparativamente a 1ª e 2ª fase da Revolución Industrial.
16. Localizar nun mapa os países industrializados.
17. Analizar aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial de Inglaterra, a partir de fontes historiográficas.
18. Debater en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en Galicia.
19. Sinalar os tres cambios sociais máis relevantes do século XIX.
20. Describir a cidade industrial británica.
21. Identificar en imaxes tres elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.
22. Comentar un mapa que explique a evolución da extensión das redes de ferrocarril.
23. Explicar as causas e consecuencias das crises económicas.
24. Comparar socialismo científico e anarquismo.
25. Distinguir as características dos tipos de asociacionismo obreiro.
26. Realizar un eixe cronolóxico que inclúa diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.
27. Identificar causas da guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.
28. Enumerar as causas da Revolución Francesa de 1789.
29. Distinguir as fases da Revolución Francesa.
30. Identificar nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.
31. Analizar as conclusións do Congreso de Viena.



32. Comparar o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.
33. Describir a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.
34. Establecer as características propias da pintura do Romanticismo a partir de fontes gráficas.
35. Realizar un friso cronolóxico explicativo da independencia de tres colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.
36. Realizar un diagrama en que se expliquen os procesos de finais do século XIX e comezos do XX.
37. Elaborar un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Estados Unidos e Xapón
38. Explicar a partir de imaxes tres características da Inglaterra vitoriana.
39. Analizar un texto relativo á época de Napoleón III en Francia.
40. Identificar os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.
41. Identificar as causas da expansión colonial da segunda metade do século XIX.
42. Localizar nun mapamundi as colonias de Inglaterra.
43. Saber recoñecer interconexións causais o imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
44. Describir dúas alianzas de estados durante a Paz Armada.
45. Identificar a partir de fontes históricas ou historiográficas tres causas da I Guerra Mundial.
46. Comentar símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.
47. Analizar as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.
48. Extraer conclusións de imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.
49. Explicar tres características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.
50. Identificar algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.
51. Comparar a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.
52. Explicar os acordos do Tratado Versalles.

53. Analizar o papel que xoga a Sociedade de Nacións, a partir de fontes históricas.
54. Interpretar unha imaxe da Gran Depresión.
55. Comentar una gráfica que explica a crise económica de 1929.
56. Comparar o fascismo italiano e o nazismo alemán
57. Distinguir tres símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX
58. Analizar a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.
59. Identificar tres causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.
60. Explicar as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea.
61. Analizar o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir dun mapa histórico.
62. Describir tres consecuencias da II Guerra Mundial.
63. Analizar una imaxe que explica o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.
64. Recoñecer a significación do Holocausto na historia mundial.
65. Sintetizar un texto que explica a intervención da ONU nas relacións internacionais.
66. Localizar nun mapa tres estados que formaban parte do bloque socialista e tres do capitalista.
67. Identificar tres conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.
68. Seleccionar imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e co mundo socialista.
69. Extrae conclusións imaxes e mapas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría.
70. Explicar tres características da economía capitalista a partir de gráficas.
71. Explicar tres características da economía socialista a partir de gráficos.
72. Establecer tres diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.
73. Identificar dúas formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.

74. Localizar nun mapa tres conflitos derivados dos procesos de descolonización..
75. Establece as causas que explican o proceso descolonización.
76. Identifica as características da descolonización de Asia.
77. Explicar unha actuación da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.
78. Analizar tres características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas
79. Localizar nun mapa cinco estados do Terceiro Mundo.
80. Analizar un texto do Movemento de Países Non Aliñados.
81. Comparar a axuda internacional coa intervención neocolonialista.
82. Localizar nun mapa tres repúblicas exsoviéticas.
83. Elaborar un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS.
84. Identificar a variación do número de estados nos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.
85. Describir os trazos socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.
86. Elaborar un cadro sinóptico sobre a situación política das repúblicas exsoviéticas.
87. Analizar una imaxe que reflicte a caída do muro de Berlín.
88. Explicar as novas relacións de Rusia con Europa occidental.
89. Realizar unha procura guiada en internet para explicar a disolución do bloque comunista.
90. Describir comparativamente a evolución política dun estado de Europa central e outro da oriental tras a caída do muro de Berlín.
91. Analizar as causas da guerra dos Balcáns.
92. Enumerar as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.
93. Explicar o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet
94. Identificar as características do Estado do benestar.

95. Elaborar un eixe cronolóxico sobre o proceso de construción da Unión Europea.
96. Relacionar as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.
97. Realizar un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos social dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.
98. Presenta mediante mapas información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.
99. Establecer as características que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón.
100. Identificar tres principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet.
101. Elaborar un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas
102. Extraer conclusións de imaxes relacionadas co mundo actual.
103. Realizar unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista actual.
104. Identificar tres retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.
105. Explicar os desaxustes da Unión Europea.
106. Elaborar un mapa conceptual sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.
107. Localizar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias.
108. Utilizar con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.
109. Comparar aspectos económicos, políticos, entre dous dos principais países do continente africano.
110. Comparar aspectos económicos, políticos, de China e a India.
111. Comparar aspectos económicos, políticos, entre países emerxentes de Asia e África.
112. Recoñecer que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
113. Localizar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias.
114. Utilizar con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

### 5.3.4. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias claves, dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e os obxectivos e contidos curriculares de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato.

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O Antigo Réxime				
a b c d e h	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	CSC,CAA, CCL
			HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	CSC,CAA, CCL CD
			HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	CSC, CAA, CCL,CCEC
			HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	CSC,CAA, CCL
A, b,c, d e h	B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	CSC, CAA, CL
			HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	CSC, CAA, CCL
A, b,c, d e h	B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	CSC,CCEC, CCL
			HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	CSC, CCEC CCL
A,b, c, d, e h	B1.4. O pensamento da Ilustración.	B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC,CCEC, CCL
			HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do s. XIX.	CSC, CCEC, CCL

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A,b,c,d,e G, h.	B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.	B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	CSC,CAA, CD
A,b,c,d,e,h, m, n	B1.6. Manifestacións artísticas do momento.	B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.	HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	CSC,CCEC,CCL,CAA.
Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais				
A,b,c,d,e h l	B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liñas que se ache dispoñible.	HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.	CSC, CAA CCL
A,b,c,d,e, h l	B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía.	B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Rev. Industrial.	CSC,CAA, CCL.
			HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.	CSC,CAA, CCL
A,b,c,d,e,g h m p	B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega.	B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	CSC,CAA, CD
			HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvol. económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.	CSC,CAA, CCL CMCCT
			HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	CSC, CAA
A, b, c, d e	B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo	B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século	HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	CSC,CAA CSIEE
			HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade ind,l británica.	CSC,CAA, CCL.

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h l	concepto de cidade).	XIX.	HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	CSC,CAA,CCL, CD
			HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	CSC,CCL, CD
A,b,c,d,e,h m	B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.	B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	CSC,CAA CCL
A,b,c,d, e h m	B2.6. Nacemento do proletariado e org. da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos polít. obreiros.	B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	CSC, CAA CCL
			HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	CSC, CCL
Bloque 3. A crise do Antigo Réxime				
A,b,c,d,e h i	B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global.	B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.	HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	CSC CAA CMCCT
A,b,c,d e h	B3.2. Nacemento dos EEUU.	B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	CSC CCL CAA
A,b,c,d e h	B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.	B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	HMCB3.3.1. Explica as causas da Rev. Francesa de 1789.	CSC, CCL
			HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	CSC,CCL CAA

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A,b,c,d,e,g,h	B3.4. Imperio Napoleónico.	B3.4. Identificar o Imp. Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consec..	HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	CSC,CAA, CD
A,b,c,d,e h	B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo.	B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaaas coas súas consecuencias.	CSC, CCL CAA
A,b,c,d,e,h p	B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.	B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	CSC,CCL
A,b,c,d,e G, h	B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña.	B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	CSC, CCL, CD
A,b,c,d,e,h m n	B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo.	B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	CSC,CCEC CCL CAA
A,b,c,d, e, h	B3.9. Independencia das colonias hispanoamericanas.	B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.	HMCB3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da indep. das colonias hispanoamericanas ao comezo do s. XIX.	CSC, CMCCT CAA
Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial				
A,b,c,d, e h	B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global.	B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.	CSC CAA



Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h	B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX).	B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.	HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	CSC, CMCCT CAA
			HMCB4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.	CSC,CAA,CCL, CD
			HMCB4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.	CSC,CAA,CCL
			HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.	CSC,CAA CCL
A, b, c d e h	B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias.	B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.	CSC, CAA CCL
			HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.	CSC,CD,CAA
			HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	CSC,CAA, CCL
A,b,c,d,e,h	B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.	B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	CSC, CCL
A, b, c d e g	B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias.	B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.	CSC,CAA, CCL
			HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.	CSC,CCL
			HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	CSC,CAA,CCL, CD

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h			HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.	CSC,CAA, CCL
Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias				
A,b,c,d, e h	B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.	B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	CSC, CCL
a b,c,d,e h	B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS.	B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	CSC, CCL CSC,CAA,CCL
A, b, c, d e h	B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións.	B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo. HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.	CSC, CCL, CAA CSC, CCL
A,b,c,d,e h	B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal".	B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión. HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	CSC,CCL,CAA,CD CSC,CCL,CMCCT
A,b,c,d,e h m	B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán.	B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.	CSC,CCL CSC,
A,b,c,d, e h	B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra.	B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.	HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.	CSC, CAA CCL

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A,b,c,d,e,h	B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais.	B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	CSC,CAA CCL
A,b,c,d e h	B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial.	B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.	HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	CSC,CAA, CCL
			HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	CSC,CAA, CCL
A,b,c,d,e h	B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial.	B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	CSC,CAA CCL
A,b,c,d, e, h m	B5.10. Antisemitismo: o Holocausto.	B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.	CSC,CAA, CD
			HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	CSC,CAA, CCL
A,b,c,d E, h	B5.11. Preparación da Paz e a ONU.	B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.	HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	CSC, CCL CAA
Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos				
A,b,c,d,e h	B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.	B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.	HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.	CSC CD
A,b,c,d e	B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da G. Fría á coexist.	B6.2. Interpretar a G. Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha	HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.	CSC, CAA, CCL CD

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	pacífica e a distensión.	destas etapas das relacións internacionais.		
A, b, c, d e h	B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra.	B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.	HMCB6.3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista. HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.	CSC, CSC,CAA, CCL CD, CMCCT
A, b c d e h	B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.	B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.	HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficas. HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista. HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	CSC, CCL, CMCCT CSC,CCL, CMCCT CSC,CAA, CCL CSC, CCL
Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo				
A,b,c,d E, h	B7.1. Orixe, causas e factores da descolonización.	B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.	HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	CSC,CCL CD
A,b C, d, e h	B7.2. Etapas e modelos de descolonización.	B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.	HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	CSC,CCL CAA CSC, CCL
A,b,c,d,e	B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador:	B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que	HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso	CSC

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	papel da ONU.	demostre as súas actuacións.	descolonizador a partir de fontes históricas.	CCL
A,b, c, d e h m	B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.	B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.	HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas. HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo. HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.	CSC,CCL, CMCCT CSC, CD CSC, CCL
A,b, c, d e h	B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional.	B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenv.e subdesenv., reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	CSC,CCL CAA
Bloque 8. A crise do bloque comunista				
A, b, c, d e h i	B8.1. A URSS e as democracias populares.	B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín. HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.	CSC, CD CSC CMCCT CSC,CAA, CD, CCL
A,b,c,d, e h	B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost.	B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as dispos. concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias.	HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.	CSC, CCL
A,c,d,e h	B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa	B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo	HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI-	CSC, CAA CMCCT

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i	e as novas repúblicas exsoviéticas.	informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	Federación Rusa.	
A, b, c d e h	B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental.	B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental.	HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.	CSC, CCL
			HMCB8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.	CSC, CCL
			HMCB8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.	CSC, CAA, CCL
A, b, , c d e h	B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia.	B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	HMCB8.5.1. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín.	CSC, CCL
			HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia.	CSC, CCL
Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX				
A,b,c,d, e h m	B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX.	B9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.	HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do s. XX.	CSC, CCL
			HMCB9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet.	CSC, CAA, CCL
A,b,c,d,e,h, m	B9.2. Estado do benestar.	B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás caract. significativas que inflúen na vida cotiá.	HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	CSC, CCL
A,b,c,d, e h	B9.3. Proceso de construción da U. E.: das Comunidades Europeas á Unión.	B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.	HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.	CSC, CMCCT

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A,b,c,d,e, h	B9.4. Obxectivos e institucións da U. Europea.	B9.4. Coñecer os obxectivos da U. E. en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.	HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	CSC, CCL
A,b,c,d e h	B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.	B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinais do Estado do benestar.	HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.	CSC, CMCCT
			HMCB9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.	CSC, CD, CAA
A,b,c,d e h	B9.6. Xapón e os novos países asiáticos industrializados.	B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.	HMCB9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.	CSC, CAA CCL
Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica				
A,b,c d e g h m	B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado.	B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.	HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	CSC,CD CCL, CAA
			HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	CSC,CD CCL,CSIEE
			HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	CSC,CD, CCL
A, b, c, d e h m	B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado.	B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.	HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de	CSC CD CCL CAA

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	
A, b, c, d e h	B10.3. Europa: reto e unión.	B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.	HMxCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	CSC,CCL, CAA
Como traballar de xeito competencial na aula supón que o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado: Por un lado o alumnado, se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os aspectos máis relevantes da historia da Idade Contemporánea, da súa transcendencia e das implicacións éticas. Para posibilitalo necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.. Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades, que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Nesta materia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos. Os membros do Departamento que imparten esta materia optamos por un modelo de aprendizaxe significativo ou aprendizaxe por descubrimento, centrado en tres principios básicos: “aprender a aprender”, busca da autonomía e o conflito cognitivo. Empregaremos unha

metodoloxía activa, que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que estea a realizar, utilizando procedementos variados que dotan á clase de dinamismo e axilidade. Como consideramos que o alumnado debe ser protagonista destacado no proceso de ensino-aprendizaxe, fomentaremos as actividades interactivas e procuraremos abandonar métodos pedagóxicos de carácter dirixista, orientados á fixación de verdades academicamente incuestionábeis e as actitudes individualistas competitivas.

Esta proposta metodolóxica terá como premisas clave: O coñecemento integral dos alumnos. A comunicación fluída profesor/alumnos. A integración do alumno no grupo e na sociedade. A transmisión rigorosa da información. O estímulo da curiosidade e do interese. A responsabilidade e o rigor. O espírito crítico e a independencia intelectual. A participación activa na elección, planeamento e execución das actividades. A aposta polo ensino participativo/cooperativo. O respecto a multiculturalidade e a atención a diversidade. O emprego das Tics. A máxima integración da xeografía, a historia e a arte. O fomento da interdisciplinaridade. O autocontrol.

A finalidade última será que os/as alumnos/as sexan progresivamente capaces de aprender de xeito autónomo/cooperativo.

O punto de partida do proceso de aprendizaxe será sempre o nivel de desenvolvemento do alumnado, desde o que se van emprender os novos aprendizaxes.

No proceso de aprendizaxe daremos prioridade ao emprego das Tics, tanto a través de presentacións de Power Point como de acceso a páxinas Web; á comprensión dos contidos, fronte ao seu aprendizaxe mecánico; á reflexión persoal, sobre o traballo realizado, e a elaboración de conclusións, relativas aos temas tratados.

Para desenvolver esta opción metodolóxica, faremos uso de diversas variantes estratéxicas, como o recurso a: presentar fenómenos discrepantes, suscitar conflitos conceptuais, solicitar estudos monográficos, propoñer análises/comentarios, reclamar observacións/valoracións críticas da información, esixir tratamento rigoroso da información, organizar debates entre alumnos ou introducir aprendizaxe cooperativo.

### **5.3.6. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

#### **5.3.6.1. CRITERIOS SOBRE O PROCESO DE AVALIACIÓN E AS MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR:**

O proceso de avaliación será continuo e a avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias claves, os estándares de aprendizaxe avaliábeis os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

No referente a avaliación inicial, deseñada en coordinación co equipo docente, realizárase nas primeiras sesións do curso e terá como obxectivo: coñecer o estado inicial dos niveis, características y necesidades das alumnas e alumnos (as actitudes fronte a área e aos grandes temas que se poden tratar desde un punto de vista disciplinar, as capacidades en relación aos procedementos básicos da aprendizaxe, nivel de dominio dos procedementos centrais da materia, grados de dominio dos conceptos relacionados coa materia), facer aflorar as deficiencias e as expectativas e intereses de alumnas e alumnos). Esta información permitiranos valorar o punto de partida do grupo/de cada alumno en particular e precisámola para poder tomar unha serie de decisións relativas a planificar e programar as actividades docentes, adoptar medidas de atención a diversidade na aula e elixir as estratexias metodolóxicas a empregar.

Entre os posibles instrumentos válidos para recoller a información relevante para esta avaliación inicial optamos por empregar: probas escritas e orais, debates en grupo, simulación de situacións, rexistros de observación, entrevistas, autoavaliación. No proceso avaliativo existirán tres sesións de avaliación e a última destas coincidirá coa avaliación final ordinaria.

No referente a aqueles alumnos/as que precisen actividades de recuperación, reforzo ou ampliación:, programaranse, en calquera momento da avaliación, atendendo ás necesidades concretas e propoñendo ao alumnado a realización de traballos, exercicios, exposicións en clase ou probas escritas. No referente a avaliación final extraordinaria de setembro o alumnado, que non acade cualificación positiva na avaliación ordinaria de xuño, deberá realizar unha proba escrita extraordinaria, que terá en conta os mínimos esixibles programados.

### 5.3.6.2. CRITERIOS SOBRE ESTRUCTURA E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS, PONDERACIÓN E REDONDEO.

En relación ás probas escritas, estas manterán a seguinte estrutura e cualificación: Definir (1 punto). Relacionar/comparar/ diferenzar/describir (4 puntos). Desenvolver/explicar/responder temas ou cuestións (2 puntos). Análise- comentario sobre documentos (3 puntos).

No caso de falta de asistencia non xustificada, a estas probas, cualificarase con Insuficiente cero (a non asistencia só poderá xustificarse mediante documentación oficial). No referente ás condutas fraudulentas nunha proba escrita (copiar... utilizando calquera medio): implicarán a retirada inmediata da proba e a súa cualificación con Insuficiente cero. En canto a ponderación: esta ven recollida nos apartados sobre concreción de estándares, competencias, instrumentos para avaliar e elementos transversais

En relación ao redondeo: as cualificacións parciais (das probas escritas e orais, as evidencias observables...) redondearase á décima superior (cando sexa igual ou superior a metade da décima inferior) e á inferior no caso contrario. As cualificacións medias da avaliación redondearase a unidade superior (cando sexa igual ou superior a metade da unidade inferior) e á inferior no caso contrario.

Con respecto ao alumnos/a que, transcorridas as tres avaliacións, non alcance os graos mínimos de consecución: deberá realizar unha proba final ordinaria escrita, nas últimas sesións lectivas, que integrará cuestións relacionadas cos graos mínimos de consecución da materia, relacionados cos estándares de aprendizaxe non alcanzados. Esta proba respectará a seguinte estrutura e cualificación: : Definir (1 punto). Relacionar/comparar/ diferenzar/describir (4 puntos). Desenvolver/explicar/responder temas ou cuestións... (2 puntos). Análise- comentario sobre documentos (3 puntos).

No referente ao alumno/a que non alcance os graos mínimos de consecución programados, na avaliación ordinaria: poderá facelo na proba extraordinaria do mes de setembro, que respectará a estrutura da proba escrita final ordinaria e que terá en conta a totalidade dos graos mínimos de consecución programados.

No referente ao redondeo: as cualificacións das probas e do traballo individual e colectivo redondearase a décima superior (cando sexa superior a metade da décima inferior) e a inversa no caso contrario e as cualificacións medias de cada avaliación redondearase a unidade superior (cando sexa superior a metade da unidade inferior) e a inversa no caso contrario.

### 5.3.7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente.	Escala.			
	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				

6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

<b>Práctica docente:</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				

13. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

### 5. 3. 8. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA H.M.CONTEMPORÁNEO PENDENTE.-

Non contamos con alumnos que, estando matriculados en 2º Bacharelato, teñan a materia de Historia de 1º Bacharelato pendente, nin casos de cambio de modalidade que precisen cursar esta materia.



## 5.4. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### XEOGRAFÍA de ESPAÑA

#### 2º. Bacharelato

### 5.4.1. INTRODUCCIÓN.

A xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores. A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio.

### 5.4.2. CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA DE 2º BAC AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en xeografía se require abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística. Do mesmo xeito, a competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios da xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. Pola súa banda, as competencias lingüística e dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite), e a de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

### 5.4.3. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA DE 2º BAC

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA DE 2º BAC.
1. Describir cun mínimo de precisión a finalidade básica do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos mais destacables.
2. Identificar cun mínimo de exactitude as paisaxes xeográficas mais relevantes.
3. Enumerar cun mínimo de extensión as características das paisaxes xeográficas.
4. Utilizar cun mínimo de criterio as ferramentas características básicas da ciencia xeográfica.
5. Extraer cun mínimo de rigor información básica do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.
6. Extraer cun mínimo de rigor a información básica de mapas e planos de diferentes escalas.
7. Identificar cun mínimo de exactitude nunha paisaxe as diferenzas mais relevantes entre paisaxe natural e cultural.
8. Analizar de xeito sinxelo e extraer cun mínimo de coherencia conclusións básicas da observación dun plano e un mapa, comentando as características do espazo xeográfico.
9. Debuxar e sinalar sobre un mapa físico de España cun mínimo de precisión as unidades mais relevantes do relevo español, comentando as súas principais características.
10. Identificar e representar nun mapa cun mínimo de criterio os principais elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.
11. Enumerar cun mínimo de extensión e describir cun mínimo de precisión os principais trazos do relevo de España.
12. Clasificar cun mínimo de criterio as principais unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.



13. Describir con mínimo de precisión, sumariamente, nun mapa a evolución xeolóxica do territorio español e a conformación esencial do territorio español.
14. Realizar con mínimo de precisión un corte topográfico e explicar con mínimo de rigor o relevo que reflicte.
15. Enumerar con mínimo de orde e describir con mínimo de claridade os elementos constitutivos esenciais dos principais tipos de solo de España.
16. Localizar nun mapa de España con mínimo de exactitude os principais tipos de solos peninsulares e insulares.
17. Localizar con mínimo de certeza os principais climas nun mapa de España.
18. Describir con mínimo de precisión e comparar con mínimo de criterio os elementos esenciais dos principais climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos mais relevantes.
19. Representar con mínimo de exactitude e comentar con mínimo de coherencia climogramas específicos dos climas mais predominantes en España.
20. Comentar con mínimo de coherencia as características básicas dos principais climas españois a partir dos seus climogramas representativos.
21. Enumerar con mínimo de extensión os trazos mais relevantes dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.
22. Identificar con mínimo de exactitude e interpretar con mínimo de rigor nun mapa do tempo os elementos mais relevantes que explican os tipos de tempo atmosférico.
23. Comentar con mínimo de rigor/coherencia un mapa do tempo de España distinguindo os elementos mais relevantes que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.
24. Analizar con mínimo de profundidade os impactos fundamentais do cambio climático sobre España.
25. Extraer con mínimo rigor conclusións ambientais básicas, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.
26. Identificar con mínimo de exactitude nun mapa os principais dominios vexetais, e describir con mínimo de precisión e comentar con mínimo de rigor as súas características básicas.
27. Ante unha paisaxe natural, identificar con mínimo de exactitude as formacións vexetais principais que aparezan.
28. Analizar razoadamente con mínimo de orde/criterio unha cliserie das que mais relevantes en España.
29. Explicar con mínimo de fluidez os trazos mais relevantes da diversidade hídrica en España.
30. Localizar con mínimo de exactitude, nun mapa de España, as cuncas fluviais predeterminadas como as mais relevantes.
31. Relacionar con mínimo de coherencia os réximes hídricos mais relevantes dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.
32. Localizar con mínimo de exactitude, nun mapa, as principais zonas húmidas españolas e debater con mínimo de coherencia un aspecto de actualidade sobre as mesmas.

33. Situar cun mínimo de exactitude, nun mapa da rede hidrográfica española básica, os grandes encoros, deducir cun mínimo de correlación as súas principais consecuencias e analizar cun mínimo de rigor as características climáticas mais relevantes.
34. Analizar e comentar cun mínimo de profundidade/coherencia gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e sacar conclusións básicas cun mínimo de rigor.
35. Seleccionar cun mínimo de criterio imaxes e novas xornalísticas que reflictan as claves da desigualdade hídrica española e a súas interaccións coas actividades humanas mais destacables.
36. Distinguir cun mínimo de claridade as características básicas dos grandes conxuntos paisaxísticos españois.
37. Localizar con precisión, no mapa, as paisaxes naturais españolas mais relevantes e identificar cun mínimo de exactitude as súas principais características.
38. Identificar e formular, cun mínimo de rigor os principais problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.
39. Analizar cun mínimo de profundidade algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza.
40. Diferenzar cun mínimo de claridade as paisaxes humanizadas das naturais..
41. Seleccionar cun mínimo de criterio e analizar cun mínimo de rigor novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba as principais influencias do medio na actividade humana.
42. Seleccionar cun mínimo de criterio e analizar cun mínimo de rigor a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciban as principais influencias das persoas sobre o medio.
43. Obter cun mínimo de criterio e analizar cun mínimo de rigor información que apareza nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano.
44. Diferenciar cun mínimo de claridade as paisaxes naturais españolas mais relevantes, a partir de fontes gráficas, e comentar cun mínimo de rigor imaxes representativas das variedades de paisaxes naturais principais, localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.
45. Utilizar cun mínimo de precisión as principais ferramentas de estudo da poboación.
46. Comentar cun mínimo de rigor os aspectos básicos da pirámide actual de poboación española e comparalos cos dalgunha outra, dun período anterior ou de previsións futuras.
47. Distinguir cun mínimo de precisión as principais variacións nas pirámides de poboación na súa evolución histórica.
48. Aplicar cun mínimo de precisión a teoría da transición demográfica ao caso español.
49. Elixir cun mínimo de criterio datos e taxas demográficas mais relevantes que amosen a configuración da poboación dun territorio.
50. Comentar cun mínimo de rigor os aspectos mais relevantes do mapa da densidade de poboación actual en España.
51. Explicar cun mínimo de fluidez os principais procesos migratorios antigos que afectan a España.

52. Identificar cun mínimo de exactitude e analizar cun mínimo de rigor as principais migracións recentes.
53. Explicar cun mínimo de profundidade as relacións mais destacables entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores.
54. Comparar e comentar cun mínimo de rigor a poboación das rexións que mais medran e as que mais diminúen a súa poboación.
55. Analizar cun mínimo de criterio un gráfico da estrutura da poboación española.
56. Resolver cun mínimo de precisión os principais problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.
57. Seleccionar cun mínimo de criterio e analizar cun mínimo de rigor información sobre as perspectivas de futuro mais destacables da poboación española.
58. Presentar e defender cun mínimo de extensión/claridade información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo.
59. Identificar cun mínimo de exactitude as actividades agropecuarias e forestais.
60. Diferenciar cun mínimo de exactitude actividades do sector primario doutras actividades económicas.
61. Situar cun mínimo de precisión nun mapa a distribución mais relevante dos principais aproveitamentos agrarios.
62. Achegar cun mínimo de correlación os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas.
63. Seleccionar e comentar cun mínimo de criterio/rigor imaxes que poñen de manifesto as características fundamentais das paisaxes agrarias españolas.
64. Definir historicamente, cun mínimo de rigor e de forma sumaria, a estrutura da propiedade.
65. Identificar e analizar cun mínimo de exactitude/rigor as características das paisaxes agrarias españolas.
66. Achegar cun mínimo de extensión datos ou gráficos dos aspectos estruturais mais relevantes que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado.
67. Comentar cun mínimo de coherencia textos xornalísticos que expliquen os aspectos básicos da situación española na PAC.
68. Establecer cun mínimo de certeza as características e as peculiaridades mais destacables da actividade pesqueira española e galega.
69. Seleccionar e analizar cun mínimo de extensión/rigor novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros mais relevantes e identificar a súa orixe.
70. Confeccionar cun mínimo de precisión gráficos básicos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.
71. Seleccionar e analizar cun mínimo de extensión/rigor información sobre os principais problemas e a configuración básica da industria española.

72. Establecer un eixe cronolóxico cun mínimo de criterio para explicar as principais fases da evolución histórica da industrialización española.
73. Seleccionar e analizar cun mínimo de extensión/rigor imaxes que amosen os aspectos mais relevantes da evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.
74. Relacionar cun mínimo de correlación o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España.
75. Enumerar cun mínimo de extensión/certeza as características mais destacables da industria española e as súas diferenzas rexionais mais relevantes.
76. Confeccionar e analizar cun mínimo de criterio/rigor gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais mais destacables.
77. Analizar e comentar cun mínimo de rigor/coherencia paisaxes de espazos industriais relevantes.
78. Sinalar cun mínimo de exactitude nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.
79. Localizar e describir cun mínimo de exactitude/fluidez as principais rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial mais destacables.
80. Describir cun mínimo de rigor os mais destacables eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas principais perspectivas de futuro.
81. Describir cun mínimo de rigor as políticas industriais mais relevantes da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.
82. Identificar cun mínimo de exactitude as características básicas do sector terciario español.
83. Explicar cun mínimo de certeza os aspectos mais destacables da incidencia do sector servizos para a economía española.
84. Describir cun mínimo de rigor como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).
85. Comentar sobre un mapa de transportes, cun mínimo de coherencia, os aspectos mais relevantes da transcendencia que este sector ten para articular o territorio.
86. Describir e analizar, cun mínimo de rigor, mapas que reflictan un sistema de transporte determinado.
87. Distinguir nun mapa, cun mínimo de exactitude, os fundamentais nodos de transporte español.
88. Resolver cun mínimo de criterio os principais problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país.
89. Comentar, cun mínimo de coherencia, gráficas e estatísticas que expliquen os aspectos básicos do desenvolvemento comercial.
90. Analizar e explicar, cun mínimo de rigor/fluidez, as principais desigualdades do espazo turístico.
91. Comentar cun mínimo de coherencia gráficas e estatísticas que expliquen os aspectos básicos do desenvolvemento turístico español.
92. Explicar cun mínimo de certeza como articulan o territorio outras actividades terciarias.

93. Analizar e comentar cun mínimo de rigor/coherencia imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos.
94. Confeccionar, cun mínimo de criterio, esquemas sinxelos para analizar aspectos básicos da influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflectan o seu impacto nunha paisaxe.
95. Definir cidade cun mínimo de rigor e achegar exemplos, cun mínimo de extensión.
96. Analizar e explicar, cun mínimo de rigor/certeza, os aspectos máis relevantes do plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.
97. Identificar cun mínimo de exactitude as principais características do proceso de urbanización.
98. Explicar cun mínimo de precisión e propoñer exemplos, cun mínimo de extensión, de procesos de planificación urbana.
99. Sinalar, cun mínimo de rigor contextual, os aspectos máis relevantes da influencia histórica no plano das cidades españolas.
100. Explicar cun mínimo de claridade a morfoloxía urbana e sinalar cun mínimo de exactitude as partes principais dunha cidade sobre un plano desta.
101. Comentar cun mínimo de coherencia os aspectos máis relevantes dunha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.
102. Seleccionar e analizar cun mínimo de criterio/rigor imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida.
103. Explicar cun mínimo de certeza as claves da xerarquización urbana española.
104. Describir e analizar cun mínimo de rigor as influencias mutuas máis relevantes entre a cidade e o espazo que a rodea.
105. Seleccionar e analizar, cun mínimo de criterio/rigor, novas xornalísticas que amosen a configuración e as problemáticas máis destacables do sistema urbano español.
106. Localizar e explicar nun mapa, cun mínimo de exactitude/certeza a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.
107. Explicar cun mínimo de rigor contextual a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.
108. Caracterizar cun mínimo de certeza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978, nos seus trazos esenciais.
109. Comparar cun mínimo de claridade a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.
110. Distinguir e enumerar cun mínimo de exactitude/extensión as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.
111. Enumerar cun mínimo de extensión os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes máis relevantes, na organización territorial española.
112. Explicar cun mínimo de profundidade as políticas territoriais máis relevantes que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos.
113. Distinguir cun mínimo de certeza os principais símbolos que diferencian as comunidades autónomas.

114. Explicar razoadamente, cun mínimo de profundidade, os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.
115. Localizar nun mapa, cun mínimo de exactitude, as principais grandes áreas xeoeconómicas e sinalar, cun mínimo de certeza, aquelas coas que España ten unha relación preferente.
116. Identificar, cun mínimo de certeza, os principais aspectos salientables de España na situación mundial.
117. Localizar cun mínimo de criterio a situación española entre as principais áreas xeoeconómicas mundiais.
118. Explicar cun mínimo de rigor contextual a posición de España na Unión Europea.
119. Extraer conclusións básicas, cun mínimo de correlación, das principais medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.
120. Comentar cun mínimo de coherencia novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.
121. Identificar e describir, cun mínimo de certeza/extensión, os principais trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.
122. Confeccionar cadros comparativos, cun mínimo de criterio, da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial.
123. Explicar, cun mínimo de rigor, as principais repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.

**5.4.4. Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias claves, dos obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliados e os obxectivos e contidos curriculares de Xeografía de 2º Bac.**

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico			
d, e, g, i l	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	CMCCT, CAA CCL, CD
D, e, g, i, l	B1.2. Características do espazo xeográfico.	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal	XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.	CMCCT, CAA, CCL

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.	XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.	CMCCT, CAA
D, g, i I	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de repres. do espazo xeog..	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	CMCCT, CAA CD
D, g i I	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	CMCCT, CAA CD
			XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.	CMCCT, CD
D, e, g, i I	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Diseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i I	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.	CMCCT, CAA, CCL CD
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica				
D, e, g, i I	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, e, g, i I	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.	CMCCT, CAA, CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
D, e, g, i, l	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.	CMCCT, CAA, CCL
D, e, g, i, l	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.	CMCCT, CAA, CCL
D, e, g, i l	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i l	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i l	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	CMCCT, CAA, CCL
			XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.	CMCCT, CAA, CCL, CD.
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación				
D, g, i, l	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	CMCCT, CA, CD
D, e, g, i l	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciais.	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	CMCCT, CAA, CCL CD



Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
D, e, g, i, l	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i l	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i, l	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.	XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	CMCCT, CAA, CCL, CD.
			XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.	CMCCT, CAA, CCL, CD.
D, e, g, i l	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB3.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i l p	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	CMCCT, CAA, CCL, CD.
			XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, g, i, l	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas caract..	CMCCT, CAA, CCL, CD.
D, e, g, i, l	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparecen.	CMCCT, CA, CD
			XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	CMCCT, CAA, CCL, CD.

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4. A hidrografía			
D, e, g, i I	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i, I	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	B4.2. Describir as cuncas fluviais esp. situándoas nun mapa e enumerando as súas caract.	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, g, i, I	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	CMCCT, CAA
D, e, g, i I	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i I	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.	XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	CMCCT, CAA, CCL CD
			XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.	CMCCT, CAA CCL, CD
D, e, g, i I	B4.6. Augas subterráneas.	B4.6. Obter e seleccionar inform. de contido xeográfico relativo á hidroloxía esp., incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.	XHB4.6.1. Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas.	CMCCT, CAA, CCL CD

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade				
D, e, g, i l	B5.1. Paisaxes naturais españolas.	B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.	XHB5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois.	CMCCT, CAA, CCL, CD.
			XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características.	CMCCT, CAA, CCL, CSC.
D, e, g, i l p	B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.	B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.	XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.	CMCCT, CAA, CCL, CSC.
			XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza.	CMCCT, CAA, CCL, CSC.
D, e, g, i L, p	B5.3. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.	XHB5.3.1. Diferenza as paisaxes humanizadas das naturais.	CMCCT, CAA, CCL
D, e, g, i, l p	B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico.	B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.	XHB5.4.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia do medio na actividade humana.	CMCCT, CAA, CCL CD
			XHB5.4.2. Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia das persoas sobre o medio.	CMCCT, CAA, CCL CD
			XHB5.4.3. Obtén e analiza a información que apareza nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano.	CMCCT, CAA, CCL CD
D, e, g, i	B5.5. Variedades de paisaxes naturais.	B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais.	XHB5.5.1. Diferenza as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta	CMCCT, CAA

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I			imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.	CCL CD
Bloque 6. A poboación española				
D, g, i, I	B6.1. Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía.	B6.1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.	XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación.	CMCCT, CAA, CD
D, e, g i I	B6.2. Evolución histórica.	B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.	XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras.	CMCCT, CAA, CCL CD
			XHB6.2.2. Distingue as pirámides de poboación na súa evolución histórica.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, e, g, i I	B6.3. Movementos naturais de poboación.	B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais.	XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español.	CMCCT, CAA, CCL, CD
			XHB6.3.2. Elixe datos e taxas demográficas que amosen a configuración da poboación dun territorio.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, e, g, i, I	B6.4. Distribución territorial da poboación.	B6.4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación.	XHB6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España.	CMCCT, CAA, CCL, CD
d e g i	B6.5. Migracións.	B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.	XH B6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.	CMCCT, CAA, CCL, CD
			XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes.	CMCCT, CAA, CCL, CD
			XHB6.5.3. Explica as relacións entre	CMCCT, CAA, CCL, CD

Xeografía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I			comunidades autónomas en relación coas migracións interiores.	
D, e, g, i I	B6.6. Mapa da distribución da poboación española.	B6.6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha.	XHB6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, e, g, i, I	B6.7. Mapa de densidade da poboación española.	B6.7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura.	XHB6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, e, g, i, I	B6.8. Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.	B6.8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.	XHB6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.	CMCCT, CAA, CCL, CD
D, e, g, i I	B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega.	B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio.	XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española.	CMCCT, CAA, CCL, CD
HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.		x					
HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.			x	x			
HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.	x	x					
HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.		x					x
HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.				x	x		
HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.		x					
HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.		x					
HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.		x					
HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.					x		
HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.						x	

HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.					x		
HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.		x					
HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.		x					
HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	x						
HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.		x				x	
HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.				x			
HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.		x					
HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.		x					
HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.				x	x		
HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.					x		
HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do mov. obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do s. XIX.	x					x	
HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX.					x		
HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.		x					x
HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.		x					
HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.	x	x					
HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.		x					
HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX.	x						
HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.					x		
HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.		x					
HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX.		x					
HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.		x					

HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.					x		
HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.		x					
HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.		x					
HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.					x		
HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.		x					
HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos.		x					
HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.		x					
HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas.		x					
HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.					x		
HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.					x		
HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.		x					
HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.		x					
HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.	x						x
HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.	x					x	x
HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.		x					x
HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.		x					
HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.		x					
HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española.	x						
HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.		x					
HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.		x				x	
HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II Rep. e relaciona as súas dificultades coa crise econ.mundial dos anos 30.		x					x

HEB10.1.2. Diferenza as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.					x		
HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.		x					
HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.		x					
HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.		x					
HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.					x		
HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.							x
HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.		x					
HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.		x					x
HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.							x
HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.					x		
HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.						x	x
HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar.					x		
HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.		x					
HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española.			x	x			
HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.					x		
HEB11.1.2. Diferenza etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.		x					
HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.		x					
HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.		x					
HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.		x					
HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.						x	x
HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.	x						

HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país.		x					
HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.						x	
HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.		x					x
HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.					x		
HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.			x	x			
HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.		x					
HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.		x					
HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.		x					
HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.		x					
HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.		x				x	
HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.		x					
HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.					x		
HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.		x					
HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.	x						x
HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.							x
HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.					x		
HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.		x					

### 5.5.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

Como traballar de xeito competencial na aula supón que o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado:

Por un lado o alumnado, se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os aspectos máis relevantes da Historia de España, das súas mutacións e das implicacións éticas. Para posibilitalo necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a análise-comentario de fontes, a argumentación en público, a comunicación audiovisual e o manexo das tics.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades, que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Nesta materia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Os membros do Departamento que imparten esta materia optamos por un modelo de aprendizaxe significativo ou aprendizaxe por descubrimento, centrado en tres principios básicos: “aprender a aprender”, busca da autonomía e o conflito cognitivo. Empregaremos unha metodoloxía activa, que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que estea a realizar, utilizando procedementos variados que dotan á clase de dinamismo e axilidade. Como consideramos que o alumnado debe ser protagonista destacado no proceso de ensino-aprendizaxe, fomentaremos as actividades interactivas e procuraremos abandonar métodos pedagóxicos de carácter dirixista, orientados á fixación de verdades academicamente incuestionábeis e as actitudes individualistas competitivas.

Esta proposta metodolóxica terá como premisas clave: O coñecemento integral dos alumnos. A comunicación fluída profesor/alumnos. A integración do alumno no grupo e na sociedade. A transmisión rigorosa da información. O estímulo da curiosidade e do interese. A responsabilidade e o rigor. O espírito crítico e a independencia intelectual. A participación activa na elección, planeamento e execución das actividades. A aposta polo ensino participativo/cooperativo. O respecto a multiculturalidade e a atención a diversidade. O emprego das Tics. A máxima integración da xeografía, a historia e a arte. O fomento da interdisciplinaridade. O autocontrol.

A finalidade última será que os/as alumnos/as sexan progresivamente capaces de aprender de xeito autónomo/cooperativo.

O punto de partida do proceso de aprendizaxe será sempre o nivel de desenvolvemento do alumnado, desde o que se van emprender os novos aprendizaxes.

No proceso de aprendizaxe daremos prioridade ao emprego das Tics, tanto a través de presentacións de Power Point como de acceso a páxinas Web; á comprensión dos contidos, fronte ao seu aprendizaxe mecánico; á reflexión persoal, sobre o traballo realizado, e a elaboración de conclusións, relativas aos temas tratados.

Para desenvolver esta opción metodolóxica, faremos uso de diversas variantes estratéxicas, como o recurso a: presentar fenómenos discrepantes, suscitar conflitos conceptuais, solicitar estudos monográficos, propoñer análises/comentarios, reclamar observacións/valoracións críticas da información, esixir tratamento rigoroso da información, organizar debates entre alumnos ou introducir aprendizaxe cooperativo.

## **5.5.6. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **5.5.6.1. CRITERIOS SOBRE O PROCESO DE AVALIACIÓN E AS MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR:**

O proceso de avaliación será continuo e a avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias claves, os estándares de aprendizaxe avaliábeis os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

No referente a avaliación inicial, deseñada en coordinación co equipo docente, realizárase nas primeiras sesións do curso e terá como obxectivo: coñecer o estado inicial dos niveis, características y necesidades das alumnas e alumnos (as actitudes fronte a área e aos grandes temas que se poden tratar desde un punto de vista disciplinar, as capacidades en relación aos procedementos básicos da aprendizaxe, nivel de dominio dos procedementos centrais da materia, grados de dominio dos conceptos relacionados coa materia), facer aflorar as deficiencias e as expectativas e intereses de alumnas e alumnos). Esta información permitiranos valorar o punto de partida do grupo/de cada alumno en particular e precisámola para poder tomar unha serie de decisións relativas a planificar e programar as actividades docentes, adoptar medidas de atención a diversidade na aula e elixir as estratexias metodolóxicas a empregar.

Entre os posibles instrumentos válidos para recoller a información relevante para esta avaliación inicial optamos por empregar: probas escritas e orais, debates en grupo, simulación de situacións, rexistros de observación, entrevistas, autoavaliación.

No proceso avaliativo existirán tres sesións de avaliación e a última destas coincidirá coa avaliación final ordinaria.

No referente a aqueles alumnos/as que precisen actividades de recuperación, reforzo ou ampliación:, programaranse, en calquera momento da avaliación, atendendo ás necesidades concretas e propoñendo ao alumnado a realización de traballos, exercicios, exposicións en clase ou probas escritas.

No referente a avaliación final extraordinaria de setembro o alumnado, que non acade cualificación positiva na avaliación ordinaria de xuño, deberá realizar unha proba escrita extraordinaria, que terá en conta os mínimos esixibles programados.

### **5.5.6.2. CRITERIOS SOBRE ESTRUCTURA E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS, PONDERACIÓN E REDONDEO.**

En relación ás probas escritas, estas manterán a seguinte estrutura e cualificación: Definir/localizar/situar (2 pts). Relacionar/comparar/diferenciar/describir ( 3 pts). Desenvolver/explicar temas ou cuestións ( 2 pts). Análise e comentario de documentos ( 3 pts).

No caso de falta de asistencia non xustificada, a estas probas, cualificarase con Insuficiente cero (a non asistencia só poderá xustificarse mediante documentación oficial).

No referente ás condutas fraudulentas nunha proba escrita (copiar... utilizando calquera medio): implicarán a retirada inmediata da proba e a súa cualificación con Insuficiente cero.

En canto a ponderación: esta ven recollida nos apartados sobre concreción de estándares, competencias, instrumentos para avaliar e elementos transversais

En relación ao redondeo: as cualificacións parciais (das probas escritas e orais, as evidencias observables...) redondearanse á décima superior (cando sexa igual ou superior a metade da décima inferior) e á inferior no caso contrario. As cualificacións medias da avaliación redondearanse a unidade superior (cando sexa igual ou superior a metade da unidade inferior) e á inferior no caso contrario.

Con respecto ao alumnos/a que, transcorridas as tres avaliacións, non alcance os graos mínimos de consecución: deberá realizar unha proba final ordinaria escrita, nas últimas sesións lectivas, que integrará cuestións relacionadas cos graos mínimos de consecución da materia, relacionados cos estándares de aprendizaxe non alcanzados. Esta proba

respectará a seguinte estrutura e cualificación: : Definir/localizar/situar (2 pts). Relacionar/comparar/diferenciar/describir ( 3 pts). Desenvolver/explicar temas ou cuestións ( 2 pts). Análise e comentario de documentos ( 3 pts).

No referente ao alumno/a que non alcance os graos mínimos de consecución programados, na avaliación ordinaria: poderá facelo na proba extraordinaria do mes de setembro, que respectará a estrutura da proba escrita final ordinaria e que terá en conta a totalidade dos graos mínimos de consecución programados.

No referente ao redondeo: as cualificacións das probas e do traballo individual e colectivo redondearanse a décima superior (cando sexa superior a metade da décima inferior) e a inversa no caso contrario e as cualificacións medias de cada avaliación redondearanse a unidade superior (cando sexa superior a metade da unidade inferior) e a inversa no caso contrario.

### 5.5.7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente.	Escala.			
	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				



<b>Práctica docente:</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				



## 5.6 . PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE HISTORIA DA ARTE

2º Bacharelato

### 5.6.1.INTRODUCCIÓN.

Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.

O estudo da historia da arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades: é, daquela, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e funcións sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais se viu

agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Propónse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea. Neste sentido, resulta preferible centrar o estudo nas características esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, así como na súa evolución, a través da análise dun número limitado de obras representativas ou nomeadamente salientables, aínda que iso obrigue a renunciar de antemán a certos/as artistas e obras de interese indiscutible.

A complexidade dos factores que interveñen na creación da obra de arte e a especificidade de cada linguaxe artística esixen utilizar un método de análise que integre distintas perspectivas, entre as que poden sinalarse, polo menos, a formal, a sociolóxica e a iconolóxica. A perspectiva formal oríéntase a ver, recoñecer e valorar a materialidade das formas artísticas como unha linguaxe específica, a descubrir os seus procesos e as técnicas de creación, a función ou as funcións para as que foron creadas, así como as concepcións estéticas que manifestan. A perspectiva sociolóxica aborda a relación entre os/as artistas e a os/as clientes, as persoas destinatarias da obra, as formas de patrocinio, a consideración social do/da artista, ou a demanda e o consumo de arte. Canto á perspectiva iconolóxica, parte da análise iconográfica para indagar no significado último que o/a autor/a da obra pretende transmitir.

O coñecemento da historia da arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas das demais persoas, a capacidade de satisfacción ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, xa que se trata dun legado que se lles debe transmitir ás xeracións futuras.

### 5.6.2. CONTRIBUCIÓN DA HISTORIA DA ARTE AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. A competencia clave de conciencia e expresións culturais recibe un tratamento moi específico, relacionado cos contidos que son propios da historia da arte. A competencia social e cidadá desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedementais da materia.

### 5.6.3. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE HISTORIA DA ARTE DE 2º BAC

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE HISTORIA DA ARTE DE 2º BAC.	
1.	Explicar de xeito correcto e sinxelo as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.
2.	Definir sinteticamente o concepto de orde arquitectónica e comparar as tres ordes da arquitectura grega.
3.	Describir basicamente os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.
4.	Describir de xeito sinxelo as características do teatro grego e a función das súas partes.

5.	Explicar a evolución básica da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).
6.	Especificar a grandes trazos quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
7.	Identificar, analizar e comentar os aspectos fund. das seguintes obras arq. gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.
8.	Identificar, analizar e comentar os aspectos fund. das seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).
9.	Explicar as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.
10.	Especificar de xeito sinxelo as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.
11.	Describir basicamente as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.
12.	Comparar a grandes trazos o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.
13.	Explicar os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.
14.	Especificar de xeito xenérico as innovacións da escultura romana en relación coa grega.
15.	Describir as características xerais e básicas dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.
16.	Especificar a grandes trazos quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
17.	Identificar, analizar e comentar os aspectos fundamentais das seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma.
18.	Identificar, analizar e comentar os aspectos fundamentais das seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano.
19.	Realizar un traballo de investigación sobre Fidias que inclúa os aspectos fundamentais da súa obra.
20.	Realizar un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos" no que se manifesten as fontes de información.
21.	Confeccionar un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia incluíndo imaxes.
22.	Explicar as características básicas e esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.
23.	Describir de xeito sinxelo a orixe, as características e a función da basílica paleocristiá.

24. Describir as características básicas e función dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns, e as súas partes.
25. Explicar os aspectos máis importantes da evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.
26. Explicar as características básicas e esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.
27. Explicar a grandes trazos a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.
28. Describir as características máis importantes do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.
29. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.
30. Definir a grandes trazos o concepto de arte prerrománica e especificar as súas manifestacións en España e en Galicia.
31. Identificar e clasificar os aspectos fundamentais e razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).
32. Describir as principais características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
33. Describir as principais características e as funcións das igrexas e dos mosteiros na arte románica.
34. Explicar as características básicas da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.
35. Especificar a grandes trazos as relacións entre artistas e clientes da arte románica.
36. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia).
37. Describir as características principais e xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
38. Describir as características principais e a evolución a grandes trazos da arquitectura gótica e especificar os cambios máis destacados introducidos respecto á románica.
39. Describir as características principais e a evolución a grandes trazos da escultura gótica, e especificar os aspectos máis destacados das súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.
40. Recoñecer e explicar sinxelamente as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina.
41. Explicar en xeral as innovacións da pintura flamenga do século XV e citar algunhas obras dos seus principais representantes.
42. Especificar a grandes trazos as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.
43. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras arq. góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.

44. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.
45. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis destacados das seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.
46. Explicar as características xerais e básicas da evolución da arte románica e gótica en España.
47. Explicar as características xerais e básicas da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
48. Describir os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico.
49. Explicar os aspectos máis importantes da evolución da arte hispanomusulmá.
50. Explicar as características fundamentais da arte mudéjar e especificar, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéjar popular e o cortesán.
51. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras arq. románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.
52. Identificar, analizar e comentar os aspectos fundamentais das seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.
53. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis importantes das seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida).
54. Identificar, analizar e comentar os aspectos fundamentais das seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo.
55. Identificar, analizar e comentar a grandes trazos as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos).
56. Identificar, analizar e comentar a grandes trazos as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Xirald de Sevilla e Alhambra de Granada.
57. Realizar un traballo de investigación cos aspectos básicos sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.
58. Explicar a grandes trazos a importancia da arte románica no Camiño de Santiago.
59. Confeccionar un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia e xuntar imaxes.
60. Explicar as características esenciais a grandes trazos do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.
61. Especificar as características básicas da arquitectura renacentista italiana e explicar a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.

62. Especificar as características máis salientables da escultura renacentista italiana e explicar a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.
63. Especificar as características básicas da pintura renacentista italiana e explicar a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.
64. Comparar de xeito sinxelo a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos.
65. Explicar de xeito sinxelo a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e citar algúns dos artistas máis representativos.
66. Describir os aspectos máis salientables da práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.
67. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.
68. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna.
69. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés.
70. Especificar as características peculiares máis destacadas do Renacemento español en comparación co italiano.
71. Describir a grandes trazos a evolución da arquitectura renacentista española.
72. Explicar de xeito sinxelo a peculiaridade da escultura renacentista española.
73. Explicar as características básicas da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.
74. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.
75. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni.
76. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito".

77. Explicar a grandes trazos as características esenciais do Barroco.
78. Especificar a grandes trazos as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.
79. Comparar os aspectos básicos da arquitectura barroca coa renacentista.
80. Explicar de xeito sinxelo as características xerais do urbanismo barroco.
81. Comparar de xeito sinxelo a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "David" por Michelangelo e por Bernini.
82. Describir as características xerais máis destacadas da pintura barroca e especificar as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.
83. Distinguir e caracterizar de xeito sinxelo as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes.
84. Especificar as peculiaridades máis destacadas da pintura barroca flamenga e holandesa.
85. Describir a grandes trazos o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.
86. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis relevantes das seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.
87. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis destacados das seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro".
88. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis destacados das seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.
89. Explicar de xeito sinxelo as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.
90. Explicar as características fundamentais da imaxinaría barroca española do século XVII e comparar a escola castelá coa andaluza.
91. Explicar algunhas das características xerais da pintura española do século XVII.
92. Describir algunhas das características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.
93. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera.
94. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis importantes das seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena.
95. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de



Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla, "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.
96. Explicar aspectos fundamentais do século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.
97. Comparar graficamente o Barroco tardío e o Rococó, e especificar de xeito sinxelo a diferente concepción da vida e a arte que encerran.
98. Explicar as razóns fundamentais do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.
99. Comentar os aspectos máis destacados da escultura neoclásica a través da obra de Canova.
100. Especificar graficamente as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.
101. Distinguir os aspectos máis destacados entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.
102. Explicar os aspectos máis importantes da figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.
103. Identificar, analizar e comentar de xeito sinxelo as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.
104. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis destacados das seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova.
105. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis importantes das seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".
106. Realizar un traballo de investig. sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos s. XVI e XVII que inclúa as fontes de información empregadas.
107. Confeccionar un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia que inclúa imaxes das mesmas.
108. Analizar os aspectos máis importantes da evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.
109. Comparar de xeito sinxelo a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".
110. Identificar, analizar e comentar os aspectos fundamentais das seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".
111. Describir as características fundamentais e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.
112. Explicar graficamente as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.

113. Explicar as características básicas do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.
114. Explicar as características básicas do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.
115. Explicar de xeito sinxelo as características e principais tendencias da arquitectura modernista.
116. Especificar as principais achegas da Escola de Chicago á arquitectura.
117. Describir as características básicas e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.
118. Identificar, analizar e comentar os aspectos máis importantes das seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.
119. Describir as características principais do Romanticismo na pintura e distinguir entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.
120. Comparar graficamente as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.
121. Explicar os aspectos máis importantes do Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.
122. Comparar graficamente o Realismo co Romanticismo.
HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.	X			X			
HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro".	X			X			
HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.	X			X			
HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.		X					
HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza.		X					
HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII.		X					
HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.			X				
HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera.	X			X			
HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández;	X			X			

"Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena.							
HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla, "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a caballo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.	X			X			
HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.		X				X	
HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.		X	X			X	
HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.		X					
HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova.		X	X				
HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.		X					
HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.	X		X				
HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.		X					
HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.	X			X			
HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova.	X			X			
HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".	X			X			
HAB3.13.1. Realiza un traballo de investig. sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos s. XVI e XVII.				X	X		
HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos s. XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.				X	X		
HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.		X		X			
HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".	X		X				
HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".	X			X			
HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no s. XIX, en relación cos avances e as necesidades da rev. industrial.			X			X	



HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.		X					
HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.		X					
HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo.		X					
HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.		X				X	
HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.		X				X	
HAB4.3.7. Describe as caract. e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do s. XIX.			X			X	
HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.	X			X			
HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.			X				
HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.		X	X				
HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.		X					
HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo.		X	X				
HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.		X					
HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.		X					
HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.		X					
HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.		X				X	
HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.	X			X			
HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).		X					
HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.		X					

HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".	X			X			
HAB4.10.1. Realiza un traballo de investig. sobre as exposicións universais do s. XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.				X	X		
HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.				X	X		
HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.				X	X		
HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.		X					X
HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.			X				
HAB5.1.3. Describe o proceso de xestión e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.			X				
HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.		X					X
HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul".		X	X				
HAB5.1.6. Describe o proceso de xestión e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.		X	X				
HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.		X					X
HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.		X					
HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.		X					
HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.		X		X			
HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerge", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.	X			X			
HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.	X			X			
HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.		X					X

HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.		X				X	
HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.	X			X			
HAB5.5.1. Realiza un traballo de investig. sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arq. Contemporánea (GATEPAC).				X	X		
HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.		X			X		
HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.		X				X	
HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.		X				X	
HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.	X	X					
HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.	X			X			
HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.		X					
HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica.		X					
HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.		X					
HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.		X					
HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.		X					
HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.		X					
HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.	X	X					
HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.		X				X	
HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.		X				X	
HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J.	X			X			

Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.							
HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.		X	X	X			
HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.		X		X			
HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.		X	X	X			
HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.	X						X
HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.		X					
HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.				X	X		
HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.		X					

### 5.6.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta a atención á diversidade. Historia da Arte permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de xeito especial as TIC.

Como traballar de xeito competencial na aula supón que o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado, na área de Historia da Arte:

Por un lado o alumnado, se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os aspectos máis relevantes da evolución da creación artística, das súas vantaxes e das implicacións éticas. Para posibilitalos necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: comprensión lectora, expresión oral e escrita, argumentación en público e comunicación audiovisual.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades, que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Nesta materia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Os membros do Departamento que imparten esta materia optamos por un modelo de aprendizaxe significativo ou aprendizaxe por descubrimento, centrado en tres principios básicos: "aprender a aprender", busca da autonomía e o conflito cognitivo. Empregaremos unha metodoloxía activa, que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que estea a realizar, utilizando procedementos variados que dotan á clase de dinamismo e axilidade. Como consideramos que o alumnado debe ser protagonista destacado no proceso de

ensino-aprendizaxe, fomentaremos as actividades interactivas e procuraremos abandonar métodos pedagóxicos de carácter dirixista, orientados á fixación de verdades academicamente incuestionábeis e as actitudes individualistas competitivas.

Esta proposta metodolóxica terá como premisas clave: O coñecemento integral dos alumnos. A comunicación fluída profesor/alumnos. A integración do alumno no grupo e na sociedade. A transmisión rigorosa da información. O estímulo da curiosidade e do interese. A responsabilidade e o rigor. O espírito crítico e a independencia intelectual. A participación activa na elección, planeamento e execución das actividades. A aposta polo ensino participativo/cooperativo. O respecto a multiculturalidade e a atención a diversidade. O emprego das Tics. A máxima integración da xeografía, a historia e a arte. O fomento da interdisciplinaridade. O autocontrol.

A finalidade última será que os/as alumnos/as sexan progresivamente capaces de aprender de xeito autónomo/cooperativo.

O punto de partida do proceso de aprendizaxe será sempre o nivel de desenvolvemento do alumnado, desde o que se van emprender os novos aprendizaxes.

No proceso de aprendizaxe daremos prioridade ao emprego das Tics, tanto a través de presentacións de Power Point como de acceso a páxinas Web; á comprensión dos contidos, fronte ao seu aprendizaxe mecánico; á reflexión persoal, sobre o traballo realizado, e a elaboración de conclusións, relativas aos temas tratados.

Para desenvolver esta opción metodolóxica, faremos uso de diversas variantes estratéxicas, como o recurso a: presentar fenómenos discrepantes, suscitar conflitos conceptuais, solicitar estudos monográficos, propoñer análises/comentarios, reclamar observacións/valoracións críticas da información, esixir tratamento rigoroso da información, organizar debates entre alumnos ou introducir aprendizaxe cooperativo.

## **5.6.6. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **5.6.6.1. CRITERIOS SOBRE O PROCESO DE AVALIACIÓN E AS MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR:**

O proceso de avaliación será continuo e a avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias claves, os estándares de aprendizaxe avaliábeis os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

No referente a avaliación inicial, deseñada en coordinación co equipo docente, realizárase nas primeiras sesións do curso e terá como obxectivo: coñecer o estado inicial dos niveis, características y necesidades das alumnas e alumnos (as actitudes fronte a área e aos grandes temas que se poden tratar desde un punto de vista disciplinar, as capacidades en relación aos procedementos básicos da aprendizaxe, nivel de dominio dos procedementos centrais da materia, grados de dominio dos conceptos relacionados coa materia), facer aflorar as deficiencias e as expectativas e intereses de alumnas e alumnos). Esta información permitiranos valorar o punto de partida do grupo/de cada alumno en particular e precisámola para poder tomar unha serie de decisións relativas a planificar e programar as actividades docentes, adoptar medidas de atención a diversidade na aula e elixir as estratexias metodolóxicas a empregar.

Entre os posibles instrumentos válidos para recoller a información relevante para esta avaliación inicial optamos por empregar: probas escritas e orais, debates en grupo, simulación de situacións, rexistros de observación, entrevistas, autoavaliación.

No proceso avaliativo existirán tres sesións de avaliación e a última destas coincidirá coa avaliación final ordinaria.

No referente a aqueles alumnos/as que precisen actividades de recuperación, reforzo ou ampliación, programaranse, en calquera momento da avaliación, atendendo ás necesidades concretas e poñendo ao alumnado a realización de traballos, exercicios, exposicións en clase ou probas escritas.

No referente a avaliación final extraordinaria de setembro o alumnado, que non acade cualificación positiva na avaliación ordinaria de xuño, deberá realizar unha proba escrita extraordinaria, que terá en conta os mínimos esixibles programados.

### 5.6.6.2. CRITERIOS SOBRE ESTRUCTURA E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS ESCRITAS, PONDERACIÓN E REDONDEO.

En relación ás probas escritas, estas manterán a seguinte estrutura e cualificación: Inxírese dúas obras, en cada unha: Definir varios termos (2 puntos). Desenvolver o contexto histórico-artístico (1 punto), Facer análise-comentario sobre obras (2 puntos), e clasificar a obra (1 pto).

No caso de falta de asistencia non xustificada, a estas probas, cualificarase con Insuficiente cero (a non asistencia só poderá xustificarse mediante documentación oficial).

No referente ás condutas fraudulentas nunha proba escrita (copiar... utilizando calquera medio): implicarán a retirada inmediata da proba e a súa cualificación con Insuficiente cero. En canto a ponderación: esta ven recollida nos apartados sobre concreción de estándares, competencias, instrumentos para avaliar e elementos transversais

En relación ao redondeo: as cualificacións parciais (das probas escritas e orais, as evidencias observables...) redondearanse á décima superior (cando sexa igual ou superior a metade da décima inferior) e á inferior no caso contrario. As cualificacións medias da avaliación redondearanse a unidade superior (cando sexa igual ou superior a metade da unidade inferior) e á inferior no caso contrario.

Con respecto ao alumnos/a que, transcorridas as tres avaliacións, non alcance os graos mínimos de consecución: deberá realizar unha proba final ordinaria escrita, nas últimas sesións lectivas, que integrará cuestións relacionadas cos graos mínimos de consecución da materia, relacionados cos estándares de aprendizaxe non alcanzados. Esta proba respectará a seguinte estrutura e cualificación, dúas obras de arte das que hai que: Definir varios termos (2 puntos). Desenvolver o contexto histórico-artístico (1 punto). Facer análise-comentario sobre obras (2 puntos), Clasificación da obra (1 pto).

No referente ao alumno/a que non alcance os graos mínimos de consecución programados, na avaliación ordinaria: poderá facelo na proba extraordinaria do mes de setembro, que respectará a estrutura da proba escrita final ordinaria e que terá en conta a totalidade dos graos mínimos de consecución programados.

## 6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A LOMCE introduce os seguintes elementos transversais:

- Compresión lectora (CL).
- Expresión oral e escrita (EOE).
- Comunicación audiovisual (CA).
- Tratamento das TIC(TIC).
- Emprendemento (EMP)
- Educación cívica e constitucional ( ECC).
- Prevención da violencia (PV).

Estes elementos transversais ofrecen a posibilidade de reflexionar sobre a dimensión mais persoal da educación; posto que posibilitan traballar a afectividade, os sentimentos, a autoestima, a autonomía persoal... pero tamén a pertenza ao grupo, a importancia de sentirse valorado e a iniciativa persoal. Os seis elementos transversais deben quedar incorporados aos contidos e obxectivos e integrados como un dos aspectos a avaliar e debemos telos en conta permanentemente a hora de organizar a aula, seleccionar lecturas e materiais curriculares, planificar secuencias didácticas, agrupar alumnos, seleccionar estratexias que permitan a colaboración e o protagonismos dos alumnos e alumnas.

Os membros deste Departamento empregaremos certas estratexias que facilitan o tratamento dos elementos transversais na actividade diaria como : diálogos, xogos de rol, adestramento de habilidades sociais, dinámicas de grupo , análise de situacións con valores en conflito, mediación na solución de conflitos, visionado e análise de cortometraxes, participación en actividades propostas por ONGs, deseño e valoración de iniciativas, análise da fiabilidade e seguridade das fontes das TIC e comentario sobre estados de ánimo reais/literarios.

Polo tanto o tratamento dos elementos transversais busca fomentar a autoestima, o esforzo, o afán de superación, o espírito crítico, a responsabilidade, a comunicación, a cooperación, a convivencia, a solidariedade, a tolerancia e o respecto.

Debemos concluír que o tratamento transversal da educación en valores debe impregnar a actividade docente e estar presente na aula de forma permanente.

Os espazos, datas e grupos de alumnos relacionados con estas actividades poderá sufrir variacións en función da oferta e da programación xeral de actividades que deseñe a vicedirección, en especial para a "Semana de Actividades".

Os criterios básicos para deseñar e realizar estas actividades serán: o valor formativo, a adecuación de cada actividade aos intereses e nivel de cada grupo de alumnos, a racionalidade e proporcionalidade entre todos os grupos/niveis do centro e a coherencia coas directrices da vicedirección.

## 7. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

No presente curso académico, en relación co Proxecto Lector de Centro, desenvolveremos as seguintes actividades, nas materias e niveis que se indican:

- Manter, en todos os cursos da ESO, a proposta da pola Comisión Pedagóxica de respectar o esquema unificado e rigoroso acordado para aplicar na elaboración de traballos escritos individuais ou en grupo:
- Responder á proposta temática feita ou acordada polo profesor/a cos alumnos/as.
- Acomodarse aos protocolos recollidos no guión que o profesor/a entregará a cada alumno/a ou grupo sobre como estruturar, desenvolver e presentar o proxecto.
- Presentación do traballo axustada ao seguinte esquema: Portada (título do tema e autores).Índice.Introdución (resumo do contido da actividade). Apartados (desenvolvemento dos contidos e actividades). Conclusións. Actividades. Fontes.
- A entrega dos proxectos na data establecida, con penalización do incumprimento do prazo, que non responda a causas debidamente xustificadas.
- Consulta de fontes de busca e selección de información diversas (libros, enciclopedias, prensa, revistas, fotografías...CDs, DVDs, cine, documentais, curtos, videoconferencias, páxinas web, blogs...).
- A existencia de preguntas, exercicios e cuestións, que permitan asegurar e avaliar o grao de comprensión por parte dos autores.
- Prestar atención e valorar de xeito positivo, en todos os niveis e etapas e en todo tipo de actividades, a corrección ortográfica e gramatical dos textos redactados polo alumnado.
- Favorecer a competencia na comunicación de información, en todos os niveis e etapas, promovendo a súa expresión en diferentes linguaxes e soportes (exposicións orais, lecturas en silencio ou de viva voz, redacción de textos e resumos escritos, resposta por escrito a cuestionarios ou tarefas, confección de gráficos e táboas, elaboración de carteis, deseño de esquemas, mapas de conceptos, confección e interpretación de diagramas de fluxo, etc.).

- Fomentar, no alumnado de Bacharelato, a realización de actividades complementarias que implican a busca de información documental, a súa lectura, selección e tratamento, tanto de procedencia bibliográfica, como de prensa e/ou publicacións, ou provinte das TICs.

## 8. CONTRIBUCIÓN ÁS TICs.

Como as TIC están revolucionando o entorno social no que nos movemos, e os efectos se deixan sentir xa nas aulas, e a introdución das TIC na ensinanza das Ciencias Sociais, Historia do Mundo Contemporáneo, Xeografía de España, Historia de España e a Historia da Arte, favorece o acceso do alumnado ao coñecemento científico, polo seu papel de apoio significativo nos procesos de ensino e aprendizaxe, colaborando na adquisición dos instrumentos necesarios para indagar na realidade de xeito obxectivo, rigoroso e contrastado.

Os docentes afrontámonos ao dobre reto de aprender a capacitarnos no manexo das novas ferramentas tecnolóxicas de acceso á información e ás comunicacións, para incrementar a diversidade de recursos didácticos aos que ter acceso e complementar de xeito eficaz as metodoloxías convencionais, e preparar aos/ás nosos/as alumnos/as para que se desenvolvan con seguridade nun mundo complexo, cambiante e moi tecnificado, impregnado dos efectos das TICs.

As TICs poñen ao alcance do alumnado e do profesorado textos, debuxos, imaxes, gráficos, animacións e sons... polo tanto, facilitan a busca de contidos nun extenso banco de informacións (graduando a vontade o nivel de profundidade e regulando os tempos), permiten interactuar cos mesmos, reorganizarlos e adaptalos a conveniencia, e establecer procesos de retroalimentación da información.

O emprego das TIC incrementa a motivación do alumnado e fai máis activa a participativa a súa cooperación na adquisición das aprendizaxes, ademais de capacitálo para o manexo destas tecnoloxías (radio, gravadora, diapositivas, proxectores, vídeos e DVDs, ordenador, acceso a Internet, correo electrónico, follas de cálculo, multimedia, blogs, chats e outras redes sociais) tan presentes na sociedade de hoxe en día, non como un fin en si mesmo senón cara a que desenvolvan co seu uso outras destrezas.

Co manexo das TIC pretendemos que os alumnos desenvolvan hábitos e actitudes positivas fronte aos traballos, individualmente ou colaborando en equipos, na busca de información en Internet e na posterior elaboración da mesma, favorecendo a súa concentración, a tenacidade e a flexibilidade. Consideramos que o emprego das TIC vai permitir:

- Complementar outras formas de aprendizaxe.
- Acceder á información que precisan, para as investigacións e traballos que desenvolvan, que está dispoñible nas múltiples páxinas web, plataformas, portais e foros conectados á rede.
- Elixir fontes de información en tempo real, accedendo aos recursos dispoñibles en institutos, museos, centros de ensinanza e universidades, fundacións e organismos oficiais e privados, de todo o mundo.
- Capacitar ao alumnado para saber seleccionar, valorar e utilizar o exceso de información, evitando que se converta nun “analfabeto tecnolóxico”.
- Xerar e acceder a materias educativas máis atractivos que permiten mellorar a adquisición de contidos complexos.
- Dispoñer do software e das ferramentas de uso libre ofertadas na rede, accesibles desde calquera dos terminais informáticos conectados a ela.
- Adecuar os materiais, secuencias e procedementos as necesidades detectadas para o grupo perante o proceso.
- Incrementar as propostas de busca de relacións entre contidos e de integración da información.
- Usar representacións, imaxes e sons para complementar traballos e exposicións.
- Incorporar contidos animados e tamén interactivos.
- Utilizar presentacións de Power Point deseñadas ou das dispoñibles na rede.



- Presentar de xeito máis organizado, atractivo e estruturado temas que combinen texto, mapas, planos, gráficos, táboas, etc.
- Poder rexistrar conxuntos de datos, tabulalos e procesalos en diagramas ou gráficos.
- Poder comunicar, xustificar e defender as explicacións e respostas.
- Ter acceso a moitos recursos elaborados noutros países e idiomas.
- Permitir a individualización dos itinerarios de aprendizaxe en función das necesidades reais de cada alumno/a.
- Dar acceso ao alumnado a unha ampla oferta de contidos e actividades de reforzo e consolidación, que lles permitan recuperar as aprendizaxes non superadas.
- Dotar de significación ás aprendizaxes ao promover unha participación máis activa e unha maior implicación persoal do alumnado nos seus procesos de aprendizaxe.
- Proporcionar autonomía ao alumnado na xestión dos seus propios aprendizaxes.
- Potenciar/facilitar a comunicación entre os membros da comunidade educativa.
- Facilitar o intercambio de ideas e o debilitamento dos dogmáticos.
- Posibilitar unha maior difusión dos materiais educativos propios e alleos.
- Abordar con mais coordinación as tarefas interdisciplinares con outros profesores do centro.
- Desenvolver proxectos conxuntos co alumnado doutros centros situados en calquera parte do mundo.
- Ofertar aos alumnos material didáctico, información e flexibilización das consultas, a través da páxina Web do centro, do correo electrónico, dun blog, de vídeo/audioconferencias, etc.
- Facilitar a presentación de informacións e traballos
- Dar a coñecer os obxectivos, contidos mínimos e criterios de avaliación das materias ao alumnado e ás súas familias (creando accesos desde a páxina web do centro ou desde os ordenadores da biblioteca escolar), os calendarios de exames e a programación de actividades complementarias e extraescolares.
- Posibilitar o acceso o extenso e variado banco de datos e actividades.

Para levar a cabo a incorporación das TIC a actividade educativa, o centro dispón de material, distribuído da seguinte forma:

. En tódalas aulas existe conexión a Internet.

- Nas aulas do 1º e 2º niveis da ESO existe material informático do proxecto Abalar: unha pantalla dixital, portátil para o profesor e portátiles para os alumnos, así como todas as conexións de vídeo, audio e internet necesarias.
- material didáctico elaborado (páxinas web, webquests e presentacións), para o funcionamento do programa Abalar, é accesible para os alumnos de 1º e 2º nivel da ESO; pero, tamén para o resto dos alumnos a través do servidor do centro.
- As aulas de 2º bacharelato contan con canón de vídeo e ordenador.
- En certas aulas (as que se accede previa reserva), están instalados un ordenador, canón de vídeo, televisor, reprodutor de vídeo e un reprodutor de DVD.
- En dúas aulas están instalados 15 PC (de uso compartido previa reserva).
- Na Biblioteca están instalados un número amplo de ordenadores.
- No Departamento de Xeografía e Historia e na Biblioteca están arquivadas cintas de vídeo e DVDs con contidos para a ESO e Bacharelato.  
Na Secretaría están custodiados ordenadores portátiles do centro, aos que se pode acceder en réxime de préstamo

## 9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como complemento as diversas actividades teóricas e prácticas, que o departamento vai desenvolver para facilitar a aprendizaxe dos contidos das diversas materias que imparten os seus membros, no presente curso académico temos previsto realizar percorridos locais e visitas a espazos de interese xeográfico, histórico e artístico da provincia, da Comunidade Autónoma e do Estado, recollidos na seguinte táboa:

PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/ESTRAESCOLARES CURSO 2016-2017			
1º ESO: A-B-C	Percorrido polas rúas de O Porriño	Organizada por : José Mª Ramón Iglesias Veiga e Xavier Álvarez Cebrián.	Na primavera
	Saída ao Castro de Troña (Prehistoria).		
	Visita a exposición Emporium (Vigo)		
	Visita ao Museo do Mar (Vigo)		
2º ESO: A-B-C	Percorrido polas rúas de O Porriño	Organizada por : José Mª Ramón Iglesias Veiga.	Na primavera
	Saída a un castelo: Vilasobroso / Soutomaior.		
	Visita a exposición Emporium (Vigo)		
	Visita ao Museo do Mar (Vigo)		
3º ESO: A-B-C	Saída A Coruña (Domus e Casa das Ciencias).	Organizada por: Xavier Álvarez Cebrian... en coordinación co Departamento de Física e Química.	Na Semana de Actividades
4º ESO: A-B-C	Saída a Santiago	Organizadas por Aníbal Ucha Fernández ... en coordinación co Departamento de Lingua Galega.	Na Semana de Actividades
	Saída a illa de San Simón...		
1º BAC: C	Saída a Ourense: Mosteiro de Esgos... Allariz... Ribadavia.	Organizada por José Vaqueiro Carballido... en coordinación co Departamento de Lingua Galega.	Na Semana de Actividades
2º BAC: A-B-C	Saída a Santiago	Organizada por: Mª de las Mercedes Bangueses Vázquez	Na Semana de actividades

## 10. MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA .

Dado que, esta programación ten carácter de documento aberto e, polo tanto, contempla que, ao longo do curso académico, pode verse afectada/condicionada por diversas variables, que poden implicar a necesidade de readaptala/modificala... os membros deste Departamento consideramos imprescindible consensuar como procedemento e instrumentos para avaliala:

- Levar a cabo un seguimento continuado, nas sucesivas reunións de Departamento, das posibles incidencias/dificultades ou desfases que poidan afectar a programación deseñada.
- Realizar unha análise e un debate, en profundidade, tras cada unha das tres avaliacións dos alumnos das distintas materias programadas, sobre as posibles dificultades/desfases.
- Recoller as incidencias/dificultades ou desfases e as decisións consensuadas ao respecto, para readaptar/modificar a Programación, nas actas das reunións de Departamento.
- Reflectir r os aspectos relativos a avaliación da programación, recollidos nas actas, na Memoria final a elaborar no mes de xuño, co obxectivo de que sirvan de base para o deseño da nova programación, para o seguinte curso académico.
- 

Ao final de cada trimestre, como instrumento para a avaliación da programación didáctica en cada materia e no seu conxunto, usaremos a seguinte rúbrica:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala.			
	1	2	3	4
(Indicadores de logro)				
1. Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4. Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6. Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7. Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8. Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				

9. Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10. Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11. Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12. Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13. Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14. O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15. Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16. Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17. Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18. Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19. Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20. Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21. Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23. Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24. Elaboráronse as probas tendo en conta o valor de cada estándar?				
25. Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26. Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?				
27. Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28. Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29. Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				

30. Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31. Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32. Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

Asinan a presente programación, os membros do DEPARTAMENTO de XEOGRAFÍA E HISTORIA, que abaixo se detallan:

Álvarez Cebrián, Xavier.

Bangueses Vázquez, María de las Mercedes.

Iglesias Veiga, Xosé Mº Ramón.

Ucha Fernández, Anibal.

Vaqueiro Carballedo, José.